**D E P U T A C I Ó N   P R O V I N C I A L**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA**
**celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL**
**o 31 de XANEIRO DE 2002**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na SESIÓN PLENARIA ORDINARIA, que se celebrará o vindeiro xoves, día 31 de xaneiro de 2002, ás DOCE HORAS.

**ASUNTOS**

**Central-Actas**

1.- Proposición da Presidencia sobre ratificación do carácter ordinario da sesión do Pleno da Deputación do día 31 de xaneiro de 2002.

2.- Aprobación da acta da sesión anterior, nº 14/01, celebrada o día 28 de decembro de 2001.

3.- Toma de coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 22.300 de 2001 deica a nº 299 de 2002.

**Plans Especiais, contratación e equipamento**

4.- Aprobación das bases reguladoras do PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2002.

5.-Aprobación das bases reguladoras do PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002.

**Medio Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social**

6.- Convenio financiación dos Grupos Municipais de Intervención Rápida (GMIR).

**Cultura, Deportes e Xuventude**

7.- Modificación da convocatoria do Programa de aulas municipais de informática.

**Persoal, Réxime interior e Informática provincial**

8.- Aprobación da relación de postos de traballo para o ano 2002.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

**D E P U T A C I Ó N   P R O V I N C I A L**

**A CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 31 DE XANEIRO DE 2002.**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 31 de xaneiro de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES**:

| | |
|---|---|
| DON JOSÉ BLANCO PAZOS | PP |
| DON JUAN BLANCO ROUCO | PP |
| DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ | PP |
| DOÑA PILAR CANDOCIA PITA | BNG |
| DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ | PP |
| DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA | PSOE |
| DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA | PP |
| DON ANTONIO ERIAS REY | PP |
| DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |
| DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO | PP |
| DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR | PP |
| DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES | PSOE |
| DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO | PSOE |
| DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ | PSOE |
| DON CARLOS LÓPEZ CRESPO | PP |
| DON ÁNGEL LÓPEZ SUEIRO | PSOE |
| DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA | PSOE |
| DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS | PP |
| DON FÉLIX PORTO SERANTES | PSOE |
| DON MANUEL POSE MIÑONES | PP |
| DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ | PSOE |

| | |
|---|---|
| DON MIGUEL PRADO PATIÑO | PP |
| DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA | PSOE |
| DON AUGUSTO REY MORENO | PSOE |
| DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL | BNG |
| DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | PP |
| DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ | BNG |
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DON MANUEL VARELA REY | PP |
| DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS | BNG |

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

**1.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RATIFICACIÓN DO CARÁCTER ORDINARIO DA SESIÓN DO PLENO DA DEPUTACIÓN DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2002**.

Por unanimidade, apróbase, primeiro a inclusión, e despois a ratificación da seguinte proposta da presidencia:

"Ratificar o carácter ordinario da sesión do Pleno da Deputación provincial que se celebre o día 31 de xaneiro, xoves, a partir das doce horas, convocada pola presidencia como sesión ordinaria correspondente ó primeiro mes de 2002."

**2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 14/01, CELEBRADA O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2001**.

Apróbase a acta da sesión anterior, celebrada o día do 28 de decembro de 2001.

**3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 22.300 DE 2001 DEICA A Nº 299 DE 2002**.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola presidencia, da nº 22300 de 2001, á nº 299 de 2002.

**4.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2002**.

<u>INTERVENCIÓNS</u>

<u>Sr. Rodríguez Doval</u>

O debate tocante a esta cuestión, este punto da orde de día, era, en certa maneira, un debate xa adiantado, na medida en que na aprobación do orzamento, o grupo de goberno adiantou xa que dentro dos mesmos figuraba unha partida que máis ou menos estaba orientada na liña do que hoxe figura como un epígrafe denominado Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e travesías municipais. Nada que obxectar, por suposto, por parte do noso grupo, a que esta deputación adquira un maior compromiso cos concellos da provincia respecto do que son as infraestructuras internas dos concellos, e nada que obxectar tampouco a que efectivamente se incremente incluso esa cantidade de colaboración. Pero é ben certo que tan importane son as cousas que se fan como o método con que se fan, e aquí tan importante é que a deputación teña interese en participar máis que os concellos e que dedique un apartado económico tan importante dentro dos orzamentos, tan importante é iso que o fagamos ben. O obxectivo, ou o papel fundamental desta deputación, ten que ser non só facer sumas, ou conseguir maiores investimentos, senón ademais conseguir que eses investimentos teñan como fin a corrección dos desequilibrios que hai na nosa provncia. Iso é unha definición eu penso que bastante sensata, do que debe ser unha institución supramunicipal, e ademais que, por outro lado, está definido así por lei.

(Entra no salón a Sra. Candocia Pita).

Queremos facer, sen embargo, tres consideracións respecto da orixe ou a filosofía do plan, e despois ó seu contido, dunha maneira moito máis específica.

En relación á conformación do plan, a primeira reflexión é que nós o que observamos é unha especie de dobre linguaxe, que despois se constata na práctica, polo tanto non é exclusivamente aseveración, senón que é unha política dual, por denominalo dalgunha forma, desta deputación. Por un lado, nos debates que aquí se dan parece que todos os grupos defendemos a necesidade de coordinación, homologación, incluso unificación, dos diversos instrumentos de cooperación local, para conseguir, tanto no aspecto procedimental como nos efectos, que haxa unha maior racionalidade no reparto de fondos públicos. Aquí houbo un reparto, penso que ó comezo desta lexislatura, onde, e precisamente a raíz dunha moción que presentamos desde o BNG, que pretendía xustamente

ir camiñando na liña de unificación dos diversos instrumentos de cooperación local que ten esta deputación para o mesmo fin, pois semella que todo o mundo coincidía en que a coordinación, a racionalización, e a unificación destes instrumentos de cooperación local estaba na mente de todos e de todas, dos tres grupos que compoñemos esta institución. É evidente que a presentación deste plan a día de hoxe revela, como despois tratarei de xustificar, que a práctica non está sendo así.

A segunda reflexión é que todos e todas estabamos contentos e contentas o pasado día 28 de decembro que, aínda que era o día dos santos inocentes, non era por iso, senón por un debate que tivemos aquí, que resolvía, aparentemente, un dos problemas que se estaban dando nos últimos tres anos, que era precisamente a reiteración en debates respecto dos temas de reformados. Parecía que se abría un camiño nesta casa, nesta institución, que ía pouquiño a pouco, deixando de lado todo o que era a reiteración ou a repetición dun mecanismo que, ademais, a verdade, por dicilo dalgún xeito, tamén afectaba á visión pública que se tiña da deputación, que parece que viñamos aquí nada máis que a aprobar reformados, e non había iniciativa política. Pero, non obstante, solventamos hai un mes unha cuestión, pero ó mes seguinte xa temos novamente enriba da mesa outro plan, outro mecanismo, que vén complicar, ó noso xuízo, este aparato complexo que tén a deputación en materia de cooperación local, non o di o Bloque Nacionalista Galego, reflectíase nos informes correspondentes ós orzamentos do ano 2002, polo tanto non é unha aseveración con matiz político, senón unha aseveración que ten máis que ver precisamente co propio funcionamento da deputación.

A terceira consideración é que a nós danos a impresión de que aquí se continúa coa política de mirarnos o embigo.Esta deputación parece que vive permanentemente mirándose a si mesma, e non permanentemente mirando cara os efectos que ten a política que se fai desde aquí dentro. A nós danos a impresión diso porque aquí sumamos moitas cifras, sumamos moitos plans, sumamos moitas denominacións, pero danos bastantes poucos debates, somos bastante pouco autocríticos, e quero que se lea o que estou dicindo nese nivel de pluralidade que estou utilizando, somos bastante pouco autocríticos, naturalmente cada un coa súa responsabilidade, nós temos a nosa de grupo de oposición, de grupo que ten o número que ten, pero queremos contribuír, pero entendemos nós que esa responsabilidade é tanto ou máis esixible ó grupo de goberno de que debía de ser moito máis crítico cos efectos desa planificación que se está facendo desde aquí. Aquí parece que estamos moito máis pendentes da repercusión mediática, do que sae nos medios de comunicación, da suma de cifras que dos efectos desa política que, ó noso xuízo, dispera no lugar de concentrar.

A proposta que se trae hoxe aquí, calquera que a lea pode entendelo con toda claridade, non ten de novidosa nada máis que a denominación, non ten de novidosa nada máis que o procedemento; e non ten de novidosa nada máis que a cifra económica que

supón; iso é o único que ten de novidosa. Calquera que saiba, que manexe os instrumentos de cooperación local que ten esta deputación se da conta que o que hoxe se vai aprobar aquí encaixaría perfectamente dentro do tradicional plan de obras e servicios, do famoso plan de obras e servicios. O plan de obras e servicios está dirixido ós concellos da provincia, e está dirixido á asunción de competencias que figuran como obrigatorias, por dicilo dalgunha maneira, é evidente que a rede viaria interna dos concellos é unha destas competencias, que ademais calquera que revise o listado dos plans de obras e servicios que se levan aprobando desde hai moitas décadas dase conta de que é un eixo bastante grande dentro do que os concellos escollen, por dicilo dalgunha maneira.

E polo tanto, quero dicir con isto, que poderiamos ter aforrado precisamente esta viaxe si no momento da aprobación dos orzamentos da Deputación da Coruña a partida economicamente, que se vai aprobar hoxe aquí con esa distribución cos parámetros concretos, se tivese incluído dirixida única e exclusviamente a agrandar, a complementar o que xa figuraba distribuído no plan de obras e servicios, porque son os mesmos obxectivos, aí non hai singularidade ningunha, imos dirixidos a algo que xa está definido pola lei de réxime local, como unha competencia obrigatoria para os concellos, e ademais como algo que xa están facendo na práctica, pero imos ó contido desas tres primeiras consideracións.

Este plan de infraestructuras locais, de transporte e travesías municipais, o plan XXI, vai dirixido, como acabo de dicir hai un momento, e reitero, as obras de infraestructuras na rede viaria municipal ou actuacións que puidesemos denominar complementarias ou colaterais á mesma, sinalización, estacionamentos, etc., etc., e estanos, como acabo de dicir, efectivamente, falando de cousas que xa se poderían facer perfectamente a través do plan de obras e servicios, polo tanto, a primeira pregunta que nos xorde aquí é por que non se fixo, como dixen hai un momento, por que non se fixo esa asignación como un complemento á propia partida do plan de obras e servicios que xa figura nos presupostos da deputación.

Segundo: chegounos hoxe un estado demostrativo do que podería ser a aplicación real das variables que veñen aquí. Ben é certo que hoxe parece que o que se vai aprobar aquí, e é unha cousa que seguramente debatiremos, é única e exclusivamente as bases, pero hai un complemento, que é a petición dalgún dos grupos, o outro día na comisión xa se nos trasladou, que hai que saudar que veña ese estado demostrativo, porque nos permite ver dalgunha forma cal é o efecto real da aplicación desas variables á realidade de cada un dos concellos. O certo é que nós non puidemos analizar, polas razóns que acabo de dicir, aínda que queremos agradecer que se nos teña enviado ese listado, pero no momento en que eu preparei esta intervención non tiñamos ese listado, e polo tanto non dispoñiamos del, porque ademais, segundo parece, non vai ser obxecto de aprobación hoxe aquí, pero houbesemos desexado que ese listado estivese no intre en que levamos este tema a comisión porque nos permitiría que o debate que demos en comisión non fose un debate filosófico sobre o que

nos parecía a cada quen, senón que puidesemos sacar xa os efectos concretos da aplicación desas variables en cada un dos concellos da nosa provincia.

Desde hai bastantes anos, e entro xa no caso concreto do que para nós constitúe o centro da discrepancia coa proposta que se trae hoxe aquí, ou da maior discordancia coa proposta que se trae hoxe aquí, desde hai bastanes anos, canto menos desde que eu estou aquí nesta institución, de maneiras máis ou menos directas, penso que había unha plena coincidencia por parte de todos os grupos da necesidade de revisión dos parámetros que estabamos utilizando, dos criterios de reparto que estabamos utilizando, fundamentalmente no plan de obras e servicios. Un dos eixos dos debates que sempre tivemos aquí foi a consideración do termo de parroquias. Os compañeiros que leven aquí tempo lembran, pero para os que non recorden, parece que se poñía como bastante evidente que a consideración do termo parroquial, que ademais é unha división que, efectivamente, reflicte dunha maneira moi parcial a realidade da nosa provincia, porque non contempla precisamente a existencia dun fenómeno como son os núcleos de poboación, por certo 13.000 núcleos de poboación na provincia, non é banal falar de todo iso. E polo tanto, o debate, para que se revisase o concepto de parroquias e avanzasemos máis na consideración dos núcleos de poboación, pois xa digo, deuse moitas veces aquí pero o certo é que a día de hoxe segue aínda figurando así na convocatoria do plan de obras e servicios. A verdade é que perdemos, se se aproba a proposta tal e como vén hoxe aquí, perdemos, ó noso xuízo, naturalmente unha ocasión para proceder de feito á revisión de algo no que, aparentemente, todos e todas concidiamos.

A distorsión que, ó noso xuízo, incorpora o reparto final en cada un dos concellos a aplicación do termo municipal e non consideración do termo de dispersión de poboación é moi grande, primeiro polo que veño de referir, porque son 13.000 núcleos de poboación na provincia, pero sobre todo por unha razón básica: pénsese que as obras que se pretenden facer van, eu diría que van ir na práctica todas dirixidas á conexión deses núcleos cos centros dos nosos concellos, etc., etc; é dicir, nunha palabra: á mellora da relación vial entre eses núcleos que están situados dunha maneira moi dispersa e que ademais, desgraciadamente, pero é así esa realidade, moitas veces son núcleos que formulan unhas características que se resumirían na seguinte palabra: levar o sumidoiro, non é o caso, pero neste caso levar unha vía a un núcleo deste tipo supon, é dicir dous núcleos de vía neses núcleos de poboación supón ó mellor o dobre de custo que dous núcleos de vía nun contorno onde a poboación non é tan dispersa.

Polo tanto, non se entende moito que sendo un dos obxectivos de actuación precisamente a resolución da conexión deses núcleos, non teñamos en conta precisamente a existencia dese fenómeno da dispersión dos núcleos de poboación.

Sen saber a mostraxe que hoxe se nos presenta aquí, que por certo temos cantidades globais en cada un dos concellos, pero non sabemos de onde sae a aplicación de cada cantidade, é dicir, se son catro variables, gustarianos saber cal é a cantidade correspondente a cada variable, pero sen saber esta mostraxe, eu, o día de onte fixen un pequeno avance, tomando como base precisamente un libro editado por esta deputación, que se refire a datos estatísticos do ámbito provincial, que me parece que escribiu o economista Pedro Arias, e tomando como base os datos que figuraban nese libro, eu fixen unha mostraxe exclusivamente en once concellos, e ademais indo de arriba para abaixo, non os busquei pero collín aqueles e cheguei practicamente á metade, á eme, é dicir, parei na metade do alfabeto, e os datos que me deron parece que, dalgunha forma, certificaban as sospeitas que nós tiñamos. Por exemplo, comecei polo concello de Aranga, un concello cunha extensión de 199,6 quilómetros cadrados, que ten o número de parroquias 6, e a porcentaxe do núcleo diseminado, do total dos habitantes, é maior do 50%, o concello de Boimorto, que ten 83 quilómetros cadrados, que ten 13 parroquias, e ten diseminado máis do 60% da poboación; o concello de Cabana de Bergantiños, que ten 100 quilómetros cadrados, 10 parroquias e máis do 25% en diseminado; o concello da Capela, que cos datos que teño eu aquí figura 58 quilómetros cadrados, 3 parroquias e máis do 75% de habitantes en diseminado; o concello de Cerdido, 53 quilómetros cadrados, 3 parroquias, máis do 65% en diseminado; o concello de Irixoa, 68,6 quilómetros cadrados, 7 parroquias, máis do 70% en diseminado; e remato co concello de Monfero, 171,7 quilómetros cadrados, 7 parroquias, e máis do 80% de poboación en diseminado. Se calquera fai unha análise, dase conta de que efectivamente a aplicación dos criterios que hoxe se propoñen aprobar aquí vai resultar lesiva no caso dalgúns concellos, e vendo o listado que se nos entregou hoxe pola mañá, nalgúns xa percibimos claramente que sexa así, por máis que o que temos, como acabo de dicir, son cifras totais e non cifras que correspondan á aplicación de cada unha das variables. Polo tanto, teño que dicir que ademais, para que non se vise que aquí había intencionalidade política, ata coincidiu que ningún dos concellos que vimos era do BNG, para que se vexa que non había problemas doutro tipo, coincidiu así, nin me preocupei de mirar porque fun por orde alfabética, e deronme estes once e aí parei.

Pero en calquera caso, e imos á concreción da nosa posición política nós vemos que se trata dun plan cun volume económico importantísimo, trátase de atender unha necesidade que é evidente que existe, pero estamos vendo nós aquí que se produce unha clara distorsión na aplicación desas variables, e ¡ollo! porque nós partimos da base de que a distribución, comentábase o outro día na comisión, calquera distribución que se faga na medida en que se manexe o cambio das variables vai resultar máis beneficioso para uns concellos, e máis prexudicial, por dicilo dalgún xeito, para outros. Trataríase, en definitiva, de aplicar o que, en sentido estricto do sentido común, e desde logo na racionalidade e tamén nun termo científico respecto dunha realidade que condiciona a execución desas obras, e neste aspecto nós pensamos que o tema da consideración dos núcleos de poboación e a dispersión de poboación é fundamental neste caso.

Polo tanto, nós, Sr. Presidente, a proposta que facemos, e tendo en conta eses tres referentes a que me acabo de referir, nós fariamos a proposta de que este tema se deixase sobre a mesa, para considerar desta propia comisión, e xa sei que non é atribuíble ó presidente, nin tampouco ó resto dos grupos, o outro día non puidemos facer contas con outras variables dentro da propia comisión. Entón, ó noso xuízo, este tema podería esperar perfectamente ó pleno ordinario do mes de febreiro, e facer mostraxes facendo un cambio de variables entre todos os grupos, chegar, se fose posible, nós desde logo estamos nesa disposición, chegar a un consenso, porque a nós parécenos, como dixen antes, que a cantidade é importante, que a necesidade é obvia, pero que, desde logo, estamos notando unha distorsión na aplicación destas variables, que ó noso xuízo se podería corrixir. Canto menos, apostariamos por facer a proba.

Nese sentido, e só nese sentido, é no que facemos a proposta de que o tema quede sobre a mesa para un mellor debate na comisión informativa correspondente, e se pode darse unha situación de consenso, desde logo por parte do BNG non vai haber problema ningún. Moitas gracias.

(Sae o Sr. López Sueiro).

Sr. Fernández Moreda

É indubidable que o plan que se somete á consideración do Pleno desta deputación é un plan importante, é un plan importante, pola dotación, 2.500 millóns de pesetas, dos cales 2.200 conséguense con apelación ó crédito, e é importante tamén pola finalidade, mellorar as estradas locais, os accesos a núcleos, as travesías e núcleos, os camiños con sinalización vertical, proteccións viarias, travesías e outras actuacións. É importante porque as estradas locais moitas están en mal estado, e son vías importantes de comunicación interna dentro do municipio, e outras son vías que vertebran territorialmente a provincia porque permiten a comunicación con distintos municipios da provincia. Polo tanto, é unha iniciativa que nos parece oportuna e que nos parece favorable, porque vai contribuír á mellora e desenvolvemento dos municipios da provincia.

É indubidable tamén, como dicía o Sr. voceiro do Bloque Nacionalista Galego que esta actuación podería incluírse dentro do Plan de obras e servicios, aínda que tocariamos co tema dos criterios, se queremos mellorar exclusivamente as estradas, nos criterios que temos para distribuír fondos no Plan de obras e servicios non se valoran en absoluto os quilómeros de estradas, e se se quere facer unha actuación destinada exclusivamente á mellora de estradas teriamos que facer, ou modificar os criterios de distribución do POS, dándolle primacía ós quilómetros de estradas, ou facer un plan destinado exclusivamente ás estradas como este que se nos presenta agora. Estivemos discutindo no grupo porque nos gusta o

plan, e moitas veces dixemos que tiñamos que investir máis diñeiro en estradas, e agora a deputación faino e recólleo; non podemos criticalo; é un bo plan, e é un bo plan pola finalidade.

Pero é indubidable que o miolo de calquera plan é nos criterios de distribución do plan, e aquí, aínda a pesar de que é un plan que nos gusta e co que estamos de acordo, non temos elementos de xuízo para valorar a bondade da aplicación deste plan, porque ningún criterio é neutro, con calquera criterio que utilizamos imos beneficiar a uns e prexudicar a outros. E agora preséntasenos este plan cuns criteiros de distribución se cos modificados imos beneficiar a uns e imos prexudicar a outros. Non temos a simulación, sabemos o que van recibir, o destino final, municipio por municipio, sabemos o que é porque nolo facilitaron hoxe, pero non sabemos, sabemos o peso que cada variable ten nesta aplicación, pero non coñecemos o resultado final para comparar, é dicir, eu non sei con estas variables e con estes criterios, un municipio que teña moitos quilómetros de estradas locais vai recibir máis diñeiro ou menos diñeiro ca outro municipio que teña máis estradas locais, porque non temos esa simulación. Por exemplo, se hai un concello con 250 quilómetros de estradas recibe x; pode haber outro concello con 300 quilómetros de estradas que recibe menos, ¿por que?, porque está condicionado pola aplicación doutras variables, e se a finalidade é a estrada, deámoslle unha prioridade absoluta ó criterio de quilómetros de estradas.

Eu comparto moitas das afirmacións que fixo o Sr. Rodríguez Doval, son razoables e son sensatas, e temos un problema ó definir o noso criterio, é dicir isto ¿como se pode comparar?, non temos criterios para decidir unha posición, entón, o que se nos presenta aquí, sabemos que non pode ser o criterio que temos máis ou menos consensuado de distribución de fondos do POS, non se pode aplicar aquí, porque no POS non está primado, non están valorados os quilometros de estradas, co cal estariamos desvirtuando a finalidade deste plan, e sabemos que cómpre fixar outros criterios de distribución diferentes. Pero eu comparto as afirmacións do Sr. Rodríguez Doval de que non nos parece moi adecuado, é un criterio obxectivo como outro calquera, pero teriamos que valorar que suporía para os concellos valorar como criterio de distribución de núcleos de poboación en vez das parroquias, queriamos saber qué peso específico ten a superficie e a poboación, nosoutros quizais veriamos como máis conveniente como criterio, máis realista e máis sensato, darlle unha porcentaxe maior ás estradas municipais, que aquí teñen un 35%, pois darlle unha porcentaxe maior ás estradas municipais e ós núcleos de poboación. Pero estamos primando, en exceso eu creo, á superficie das parroquias, cando inciden pouco nas estradas existentes xa, porque aquí o que imos facer é mellorar o existente, non abrir novas vías de comunicación internas entre os municipios.

Neste senso, nosoutros ó non dispor de datos suficientes para poder valorar a bondade desta distribución, pareceunos oportuno que o noso voto debería de ser de abstención, porque non poñemos en cuestión o plan, nin a bondade do plan no tocante á súa

finalidade, nin a bondade do plan no tocante á súa dotación, pero si nos falta un elemento fundamental para conformar unha opinión e conformar un xuízo, e para poder conformar unha opinión e un xuízo necesitariamos ter a simulación, é dicir, que a última columna que se nos facilita, que agradecemos que se nos facilitou esta información, que viñese completada coas columnas anteriores de municipio con número de quilómetros de estradas, poboación, parroquias, etc., tódolos criterios para poder comparar e ver que se un concello leva máis diñeiro ca outro é porque ten máis número de quilómetros de estrada, porque non temos claro a bondade da aplicación. Entón, dalgunha forma, esta falta de información pode desvirtuar a bondade deste plan, e como non temos claro ese tema, o noso voto vai ser de abstención. E gustarianos tamén que se no futuro fanse plans que se van manter criterios diferentes, que a actualización da enquisa de infraestructuras, que creo que se está facendo, non sei se se fixo o ano pasado, que se axilice e que se manteña ó día permanente a enquisa de infraestructuras, porque sei, cóntame, que hai concellos que teñen máis quilómetros de estradas, dun e doutro lado, non estamos defendendo aquí concellos dun sesgo político, hai moitos concellos da provincia que ten máis número de estradas dos que figuran na enquisa de infraestructuras, proque se fixo a concentración parcelaria, abríronse pistas, déronse de alta e non está computadas, e que tamén serían estradas que deberían de figurar neste plan.

Dito isto, e reitero, porque o solicitamos moitas veces, e creo que é unha prioridade da deputación as estradas locais, xunto coas provinciais, parécenos que o plan é bo, é oportuno, ten unha dotación considerable, 2.500 millóns de pesetas, pero peca, ó noso xuízo, porque non temos a información necesaria para conformar unha opinión na aplicación destes criterios. Quizais poderiamos ver outros criterios, primando outras circunstancias, e ver a distribución, coa única finalidade de que aqueles municipios que teñen máis quilómetros de estradas reciban máis diñeiro. E este é o único problema que lle vemos ó plan e por iso o noso voto é de abstención.

<u>Sr. Erias Rey</u>

Como presidente desta comisión e tamén un pouco analizando as intervencións dos portavoces dos dous grupos, creo que temos que felicitarnos en primeiro lugar porque esta corporación asume un apoio decidido para que os concellos da nosa provincia conten con esas vías locais en condicións para que sirvan para o que están as vías locais, que é para facilitar a mobilidade, para facilitar tamén algo que, escoitándoos a vostedes, pois ás veces un ten certas dúbidas, é dicir, eu creo que hai que intentar, cando se desenvolve o apoio público que tamén se vaia cumprindo un obxectivo é que temos que intentar entre todos que a poboación se concentre máis; temos que intentar buscar fórmulas de non seguir construíndo cada un na súa parcela, que ten os 3.000 $m^2$ e logo que se queixe de que non ten tódolos servicios que necesitaría ese cidadán. E temos que empezar tamén, entre todos, e por iso digo que me agrada porque, Sr. Rodríguez Doval, vostede que reclama debates sobre as cuestións entra en contradicción cando di que quere que o poñamos no POS,

porque entón dariamos xa un único debate e teríao resolto, así imos con este criterio de especialización atendendo todas e cada unha das necesidades, e vostede, politicamente, tamén ten oportunidade de irnos manifestando cales son os desacordos, cos que non coincido, e explicareille por que.

Digo que isto nalgunhas profesións, que se dedican a este tipo de tarefas, pois é o que se coñece como un xogo de "suma nula", é dicir, o que gañan uns o perden outros, calquera cambio que se faga, cando se reparten estes 2.500 millóns, utilizando variables, o que gaña un pérdeno outros. E entón aquí vostedes poden levantar a sospeita de que o que gañan uns pérdeno outros politicamente, pero desde esta comisión a transparencia foi un dos vectores que nos guiou para lles ir expoñendo o por qué utilizamos todas e cada unha das variables; é máis: os servicios desta casa teñen a súa disposición, como xa lles dixemos, os datos base sobre os cales se xiran os criterios de reparto. E podemos estar de acordo ou non de acordo cos criterios de reparto, claro que si, e gobernar é asumir responsabilidades. Nosoutros propuxemos estes, e nosoutros propuxemos estes porque ¿que é o que pretendemos? un plan de mobilidade; ¿cal debe de ser a principal variable? os quilómetros que ten cada concello deste asunto que pretendemos actuar sobre el. Pero ¿debe de ser a única variable? Se fora a única variable os efectos perversos que se traducen si que teñen un sego claro, e ademais non actúan como en principio se presupón do que é unha actuación pública, que é mirar cal é a necesidade, e logo ver a mellor maneira de atender esa necesidade para conseguir ese obxectivo entre todos. Se vostede faino desa maneira, coa única variable en quilómetros, eu garántolle que quedan, xa non só penalizados por, e hai que dicilo e hai que reclamar o de todos, pola a veces deficiente actualización dos datos de base. A deputación está facendo un gran esforzo coa enquisa de infraestructuras, son os datos que despois utiliza tamén o Ministerio de Administracións Públicas, son os datos que haberá que utilizar para os fondos europeos, eu creo que debemos de estar moi preocupados en ir poñendo estes datos ó día. Pero con ese dato habería concellos que non recibirán absolutamente nada, e entón ¿que pasa? ¿que non ten necesidades para que se actúe e se fomente a mobilidade dentro deses concellos?, pois eu creo que non. E entón inténtase acompañar doutras variables. E mire, tamén neste tema, das outras variables que se acompañan, teñen que ver moi directamente co fin que perseguimos, por unha parte a superficie e por outra parte as parroquias. ¿E por que as parroquias e non as entidades singulares de poboación, como aparecen no nomenclátor? Pois vostedes estanos dicindo: con 13.000 entidades singulares de poboación na provincia, ¿cal sería a distribución que lle correspondería a cada concello, diferente da distribución de que se utilice o número de parroquias? Pois primar aquilo que non queremos primar. Non queremos primar a dispersión poboacional, queremos que actúe como unha variable distributiva, non como unha variable redistributiva, que ós que non teñen ese efecto lles reste, e asemade lles penalice ós que están máis concentrados. A mellor maneira, na Galicia actual, eu creo que hai bastantes debates sobre isto, pero a parroquia é algo recoñecido, e como é algo recoñecido, e ademais é a que dalgunha maneira, xa ten esas vías de comunicación, que son as que

necesitan as reparacións, pois loxicamente actuemos -é a primeira vez que se fai-, actuemos onde están as necesidades, e con posterioridade vexamos se esa aproximación ás entidades singulares de poboación nos dá un mellor resultado, pero o resultado vai ser que se o fai vostede sobre as 13.000, vostede vai estar xerando necesidades novas, necesidades non cubertas, e vai fomentar máis a dispersión poboacional, en vez de intentar todo o contrario: a concentración, que é onde está certamente o problema. O problema está na conexión das parroquias co núcleo principal, e o problema está en que esas vías, pois desafortunadamente os concellos asumen competencias pero non teñen os recursos necesarios para ter, en tódalas condicións que sería desexable. A deputación, subsidiariamente, pretende apoialos. Eu, por iso lles digo que o número de parroquias cremos que é unha variable para aproximar a solución do problema, e a superficie tamén nos vai dar outra variable boa, ¿por que? porque algúns concellos, si soamente utilizaramos o número de quilómetros e non tiveramos en conta as necesidades potenciais, a superficie é unha variable de necesidade potencial, mentres que as outras son de necesidades reais, pois vexamos esas necesidades potenciais que peso teñen que ter, e poden dicir: "pois o 25% é moito e gustarianos que en vez do 25% fora o 30%; pois de acordo, pois se iso é o 30%, noutro ha ser o 20%, porque o que restemos dun lado témosllo que sumar ó outro lado.

E por último: a poboación. Outra variable que utilizamos. Pois mire, os municipios máis poboados non é que teña máis necesidades, pero si potencialmente teñen máis usuarios que perciben esa necesidade. Claro, se vostede lle quere solucionar o problema do transporte a aqueles señores que viven catro a quince quilómetros, ou a doce quilómetros do que é o núcleo principal do concello, pois están no seu dereito de reclamación, pero ¿a quen debe de beneficiar o diñeiro público de forma distributiva?, pois a maior número de persoas posible. E para non excluír a ninguén, para iso non podemos unha única variable, para iso acompañámola de tres variables máis, claro, non poñemos o esforzo fiscal, non poñemos outra serie de indicadores que están noutros plans porque non nos parece o máis propio, cremos que aquí o esforzo fiscal di moi pouco do que hai que facer coas estradas locais pero nembargantes di moito de cál é o obxectivo que a deputacíon pretende. A Presidencia desta deputación ten moi claro o seu compromiso municipalista, ten moi claro o apoio ós concellos en cada unha das peculiaridades que eles teñan, e contemplar todas esas peculiaridades require ser tamén singular á hora de tratalo.

E certamente, sobre os principios, a min alégrame que esteamos de acordo; e como estamos de acordo sobre os principios, e estamos gobernando, asumimos a discrepancia no detalle, pero conveñan comigo nunha cuestión: en que estas variables, e o seu peso, non é esaxerado en ningún dos casos, que se pondera de maneira substancialmente maior os quilómetros, 35%, de que ás outras dúas, superficie e parroquias, dáselles un 25%, proporcional, porque algúns teñen esa singulariedade dunha maneira moi destacada e outros téñeno menos, ben, pois non fagamos que iso penalice ós que non o teñen, é dicir, o que eu lle sinalaba, un efecto redistributivo penalizador; buscamos un efecto positivo, un efecto

incentivador, que é o que se está facendo con isto, incentivar, dar oportunidades para que os veciños noten que a Deputación provincial se preocupa, ¿para que? para extender a todos a mellora de algo que todos usamos, que son as vías públicas.

Máis nada. Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Moi brevemente, respecto do que entendo eu é unha incorrecta percepción da miña intervención, mesmo se me apura, tamén da propia intervención do voceiro do grupo socialista. Creo que o Sr. presidente da comisión, o Sr. Erias, posiblemente non entendera ben, entón eu si lle vou remarcar as liñas da nosa posición respecto a este tema, empezando por unha fundamental: nesta deputación hai, ó noso xuízo, é unha valoración, pero dicímolo nosoutros como BNG, hai moito tempo que pasou o debate de que o importante é facer cousas, aquí estamos nun debate desde hai bastante tempo, polo menos nosoutros como grupo, de que o importante é facelas o mellor posible. Supoño que se entende o que quero dicir. Non me diga vostede que son 2.500 millóns e que van dirixidos a unha necesidade prioritaria para a maioría dos concellos da provincia, iso non está en debate, e ademais paréceme que foi nunha liña de que non soamente non se cuestionaba senón que se reafirmou, pero o debate central que temos aquí é de como temos que facelo mellor, e ese debate é un debate que nunca se substancia, porque se calquera repasa as intervencións que hai, fálase moito de cifras, fálase moito de colaboración cos concellos da provincia, pero somos pouco críticos cos efectos do que estamos facendo. E non é que sexa masoquista neste aspecto, pero si que é un debate que nosoutros como grupo percibimos que non se está dando polo menos na intensidade que sería necesario. Polo tanto, no debate de hoxe é conseguir que o fagamos o mellor posible.

Segundo: eu agradézolle moito, non sei se entendín mal, oxalá o noso grupo tivera que intervir menos porque houbera menos plans, é dicir, que teña vostede por seguro que nosoutros, poñendo na balanza a nosa capacidade de lucimento, entre comiñas, e a racionalización dos recursos desta deputación, quedámonos coa segunda, preferimos non lucirnos e que esta deputación funcione mellor. Entón entenderá vostede ben que o que dixo de que era unha contradicción que nosoutros que queremos dar o debate, que agora que se dá o debate porque hai un plan máis para dar o debate, non van por aí os tiros. Oxalá houbera un só plan, e oxalá mesmo nese plan o BNG non intervira, fíxese vostede, porque sería, desde o noso punto de vista, un síntoma de mellor funcionamento, e ademais dun consenso que tocante a un tema coma este nosoutros entendemos que se podería dar perfectamente porque é unha liña na que están camiñando outras institucións, e o debate sobre o tema da dispersión poboacional en Galicia saiba vostede que vai máis alá das fronteiras, porque chegou como un dos temas de debate no propio financiamento autonómico, e que en Galicia ademais é singular, ¿por que? porque todo o mundo sabe a

dificultade que ten dispoñer de servicios e infraestructuras básicas nun país tan disperso coma o noso, que ten unha realidade que para a nosa desgracia, non se da noutras zonas do Estado.

Dicía vostede que o que gañan uns pérdeno outros politicamente, non, non, aquí non se trata de sacar por razóns políticas, nosoutros dixemos que sabemos que a aplicación dos criterios que nosoutros propoñemos seguramente vai supoñer variacións, subida nuns casos e baixada noutros. Aquí a clave é se nosoutros temos a responsabilidade política de entender que iso está máis aproximado a unha liña racional na aplicación de cousas que nos parecen máis normais. Neste caso, claro, vostede fálame do termo de parroquia, claro, se eu lle digo que nunha parroquia nos podemos encontrar con que o centro da parroquia ten unha rede que está conectada coa capital do concello por unha rede viaria moi básica, e despois da rede interna desa parroquia cos seus vintecinco núcleos da poboación é unha especie de tea de araña. Entón, a aplicación do criterio parroquial neste caso, e esa realidade dase na maioría dos concellos, é dicir, o que é a capital da parroquia, por denominalo dalgunha maneira, está preto do centro do concello, pero despois a rede viaria que ten esa parroquia cos seus vintepico, quince, trece, ou sete núcleos de poboación, é moi grande a ademais moi ampla. Polo tanto, nosoutros non estamos considerando iso, o termo parroquial, nalgúns casos tres parroquias, son 100 núcleos de poboación, e eses núcleos de poboación están conectados entre si e teñen unha rede.

O debate a que vostede ía, que ademais é un debate interesantísimo, sobre o tema da necesidade de concentración da poboación, nosoutros podemos colaborar cos concellos, se os concellos dispoñen dun instrumento básico que se chama plan de ordenación municipal, e quizais aquí tamén nos deberamos parar algo, porque deixo a pregunta no aire: ¿merece maior consideración aquel concello que está actualizando a súa política urbanística, que contempla dentro das súas actuacións cuatrienais ou quinquenais, o desenvolvemento dun plan de urbanismo, no cal figura, por certo, unha rede viaria determinada, pode ser a nosa colaboración igual có concello que fai ese esforzo con aquel que, permítaseme a expresión, pasa olimpicamente e nin sequera se lle pasa pola cabeza, e mesmo fomenta esa política, porque dálle máis votos, da farola e os quilómetros de asfalto? Deixo esa pregunta no aire, pero claro, non depende de nosoutros de que os concellos teñan instrumentos urbanísticos actualizados, pero vostede sabe igual ca min que por desgracia son moitísimos os concellos do noso país, e en concreto da provincia da Coruña que deron ese paso, porque a revisión urbanística xera moitas problemáticas, e ademais hai un problema cultural detrás de todo isto que é moi difícil de resolver en dous días, pero en calquera caso é un reto que temos aí as persoas que estamos nas institucións. E ó noso xuízo deberiase considerar a existencia ou non do plan de urbanismo e o nivel de actualidade ou de actualización que ten ese plan de urbanismo.

Polo tanto, nosoutros a única non coincidencia que temos é precisamente no resultado final. Xa dixo o voceiro do PSOE, xa o dixen eu tamén, que non sabemos que cantidade do global que se nos dá de cada concello correspóndelle á aplicación de cada unha das variables, e eu creo que aquí ninguén cuestionou a variable dos quilómetros que se dispoñen de rede viaria, aí estamos de acordo, se o que se pretende é actuar sobre a rede viaria, ¿como non imos ter en conta a rede viaria existente?; do que se está falando é doutro fenómeno que ademais pesa dabondo, a variable das parroquias pesa dunha maneira diferente se iso se atribúe ós núcleos de poboación.

Polo tanto, tamén temos algunha dúbida de se a enquisa de infraestructuras está ou non actualizada, nosoutros non dispoñemos neste momento dese dato, pero posiblemente atopariámonos con sorpresas, e ó mellor habería que actualizar antes de facer esa distribución a enquisa de infraestructuras, ou mirar doutro tipo de mecanismo. En calquera caso, aquí non se está a facer unha presunción de dirixismo, eu non escoitei en absoluto ese debate; aquí o que escoitamos foron moitas dúbidas, moita incerteza, sobre a aplicación concreta que hoxe xa temos diante de nós deses parámetros, e desde logo, no noso caso concreto, no caso do BNG, unha conciencia clarísima a de que é moi racional, cientificamente e politicamente, non partidariamente, senón politicamente, para unha realidade como a que ten a nosa provincia é máis defendible a consideración da dispersión dos núcleos de poboación que a consideración do núcleo de parroquias para unha distribución, que xa sabemos ademais como está feita.

Polo tanto, seriamos favorables a que este tema non se cerrara en falso, é unha ocasión que temos diante de nosoutros, que non está condicionada porque mañá teñamos que ter o acordo diante do Ministerio para as Administracións Públicas, é un plan financiado exclusivamente por parte da Deputación da Coruña e a responsabilidade eu creo que é das persoas que estamos hoxe aquí. Polo tanto, perder vintepico de días supón, eses días poden supor un avance, ó mellor de moitos anos de cousas que levamos aquí coincidindo nelas pero nunca nos atrevemos a facer. Nese senso, e reitero, é preciso que vaia a nosa petición para que o tema quede sobre a mesa, e máis nada ca nese senso, non por problemas de que digamos que levan máis os do PP, os do BNG, os do PSOE..., non nos preocupamos diso, porque ademais sabemos que a aplicación faise dunha maneira mecánica, pero o mecanismo nese caso vai en contra, primeiro do senso común, e despois de fenómenos que é importante telos en consideración para o reparto. Polo tanto, seguimos mantendo a posición de que quede sobre a mesa, de que deamos un novo debate, e tamén de que abramos posiblemente a espicha para que consigamos ese debate partir a ideas comúns e a ideas de consenso noutra planificación que se puidera facer de cara ó futuro por parte da Deputación da Coruña. Esa é a nosa petición, e ese é o noso compromiso tamén.

<u>Sr. Fernández Moreda</u>

É certo que isto é un xogo de suma-cero, coma a bolsa, o que gaña un pérdeo outro, e tamén é certo que hai argumentos para defender calquera criterio, e hai tamén argumentos para criticar calquera criterio. Iso está claro. O que teriamos que ver e necesitariamos visualizar é como inflúe a ponderación deses criterios no resultado final que se quere acadar. ¿Cal é o resultado final que se quere acadar? Pois que os concellos que teñen máis quilómetros de estradas locais reciban máis diñeiro, e os concellos que teñen menos quilómetros de estradas locais reciban menos diñeiro, porque a finalidade é actuar sobre as estradas locais.

Posiblemente vostede estea falando con este coñecemento xa, cabal e profundo da incidencia de cada criterio cómo se pondera no resultado final; nosoutros non temos ese coñecemento porque non temos acceso a tódalas fases que permiten conformar unha decisión final. A decisión final que se nos presenta é que este concello vai recibir x, ese vai recibir y, e este vai recibir z, pero non sabemos como inflúe nese diñeiro, nesa cantidade, pois o número de estradas, por exemplo. Non cuestionamos o plan; o plan é un bo plan, e é unha necesidade; simplemente non temos os suficientes argumentos para decidir sobre a bondade final dese plan. E non sería malo ter acceso ás simulacións ou ter acceso ós documentos que permitiron conformar esta opinión, e ó ter acceso a eses documentos poderemos nosoutros tamén conformar unha opinión. Non temos argumentos para dicir: "pois isto está ben", dicimos "o plan é bo, a dotación é suficiente, a finalidade marabillosa"; agora, ¿o resultado final, a aplicación concreta de todo isto?, pois ignorámolo, porque non sabemos se a finalidade que se pretende, que é o que teña máis estradas teña máis diñeiro, cúmprese ou non se cumpre con estes criterios e coa información que dispoñemos.

E é indubidable tamén, Sr. Erias, que a música é fabulosa, pero falla un pouco a letra, é dicir, non me diga vostede que vostede con este plan pretende preservar que non se disperse a poboación. A dispersión da poboación favorécese ou non se favorece co planeamento urbanístico, é cada concello, cando clasifica o solo como urbano, como urbanizable, como protexido, o que está fomentando que a poboación medre dunha forma ou doutra. Este plan non vai incidir absolutamente para nada na dispersión da poboación; este plan no único que vai incidir é que as comunicacións do seu núcleo de poboación se vexan melloradas. Polo tanto, soa ben o argumento, pero cando un reflexiona di: "home, isto non ten nada que ver coa dispersión da poboación"; a dispersión da poboación é a que hai, e este plan nin a vai favorecer nin a vai prexudicar, quen prexudica ou favorece ou quen fomenta a dispersión, como dicía antes, é cada concello cando planifica o seu territorio da forma que cre conveniente planificar.

Polo tanto, finalizando, e reitérolle, e non lle quero quitar valor ó plan, nin quero quitarlle valor á iniciativa, pero non temos os datos suficientes, que quizais vostede os teña, e se os ten eu dígolle: "facilítelos e estudiémolo", non temos os datos suficientes para saber se a aplicación deste plan cumpre a finalidade que debe de cumprir, que é mellorar as estradas

dos concellos, e que reciban máis diñeiro aqueles municipios que teñen máis quilómetros, e menos diñeiro os que teñen menos quilómetros de estradas, e posiblemente na aplicación estricta deste plan, eu non sei como quedaría o resultado final, porque aquí non estamos xogando a que un concello reciba xe o outro concello reciba menos, pois se ten que ser así, ten que ser así, se facemos un plan de estradas ten que ser así e calquera criterio que apliquemos pois terá que dar unhas desigualdades na cantidade que reciba cada concello, pero eu quero ver se esas desigualdades se deben a que estamos potenciando o que queremos potenciar: as estradas, e se un concello ten 300 quilómetros de estradas, e outro concello, e hainos, ten 30 quilómetros de estradas, pois é indubidable que o de 300 quilómetros de estradas ten que recibir moito máis có que ten 30 quilómetros de estradas. Facilítenos eses datos, se os ten, eu imaxino, que formarán parte do expediente, pero do expediente que non se nos presenta, non porque queiran ocultar nada, ¡ollo!, non quero que as miñas palabras se interpreten mal, pero seguro que para chegar a esta conclusión manexaron vostedes unha serie de datos, facilítenos os datos e conformaremos unha opinión, e desde logo si hai que votar si despois de ver eses datos, votaremos si, pero coa información que temos só podemos dicir que o plan é bo pero non sabemos cómo se ponderan unhas cousas e outras.

Sr. Erias Rey

Eu, é que cando escoito esta réplica dos voceiros teño algunha dúbida de se realmente me entenderon, pero entendéronme vostedes a min e entendéronme que pretende o plan. O plan denomínase Plan XXI de mobilidade en vías locais e travesías. Desde a autonomía municipal vaise decidir onde actuar e como actuar, desde subministracións a calquera outro tipo de cuestión, que os concellos, usando a súa autonomía, marquen unhas preferencias para poder dentro da actuación e as normas que o plan deseña, actuar con posterioridade.

Volvo repetirlles o que lles dixen na intervención anterior, utilizar unicamente os quilómetros de estradas sería para traballar con estradas soamente e conectar o que xa hai e analizar o que hai, pero é que algún concello pode decidir que as súas vías locais estean en perfecto estado e actuar nas travesías locais, ou actuar con sinalizacións, con marquesiñas, con iluminación, ou con aquilo que ese concello decida. Usar unha única variable sería penalizar a aqueles que non teñen ese feito que vostedes están sinalando. É o máis importante, é o que cremos que politicamente debe de atenderse de maneira prioritaria, estamos traballando desde esa filosofía da especialización para atender as necesidades da mellor maneira. E atendelas da mellor maneira ¿que supón?, pois supón utilizar conxuntamente o que eu lles dicía, é evidente que, hai unha rede de estradas locais ou de vías locais ó redor das parroquias, claro que é evidente que eu non estou aquí descubrindo o Mediterráneo cando lles digo que hai dispersión poboacional, isto é un feito, claro que é un feito, pero tamén é un feito, en primeiro lugar, que se recoñeza como tal elemento, é positivo,

e é positivo para tratar de maneira diferente, e iso que vostede falaba do financiamento vén precisamente por esta cuestión, e foi moi positivo que a Galicia se lle teña en conta, pero é diferente que utilice esa variable como distributiva, é dicir, que se lles dea a todos os que teñen o feito, que como redistributiva, que penalice ós que non o teñen e que potencie ós que o teñen. Entón por iso estoulle dicindo de que neste caso a parroquia é un elemento adicional para, nesta primeira etapa, detectar cómo queiran actuar os concellos, porque a deputación non está facendo ningunha norma para que actúen dunha determinada forma, define un plan flexible para que as necesidades de mobilidade se cubran da mellor forma que estimen aqueles cidadáns onde viven e onde traballan, froito de que os que o representan así o estiman conveniente. Utilizar unha soa variable sería unha absoluta contradicción co que nosoutros pretendemos.

Pretender tamén resolver o problema da dispersión poboacional, home, podemos ser utópicos, pero non tanto, sabemos moi ben do que estamos falando, dicimos: “que actúe como un elemento incentivador, incentivador”, e ¿que significa isto? Pois isto significa que os que teñen as súas vivendas illadas e constitúen entidade singular de poboación para o nomenclátor, e estes teñen unhas necesidades igual que teñen os demais, home, que precisamente ese feito non sexa o que sirva para primar a estes concellos, de maneira discrecional, que non sexa isto única e exclusivamente. E eu entendo e defendo que o INE manexe esta variable, porque Galicia ten, ben, o 30% ou o 40%, ten 30.000 entidades singulares de poboación, e loxicamente Galicia, Cantabria, Canarias e outras comunidades que tamén o teñen, pois defenden que estas variables actúen na distribución dos recursos públicos para que, na prestación deses servicios todos teñan a mesma calidade.

Pois desde aquí é o que estamos intentando facer, e non estamos intentando primar que isto se fomente, pero tampouco imos coller e a eliminalos dunha plumada, pois será o concello, ¿que decide que en vez de travesías prefire actuar na rede que vertebra as parroquias con esas entidades singulares?, que o faga, que o faga, pero ese non pode ser o elemento que nos sirva a nosoutros para cuantificar as súas necesidades, as necesidades na segunda etapa tenas que definir o concello, por iso nesta primeira etapa utilízase máis dunha variable.

Isto é un punto de partida, e ás veces é interpretación de que a farola e o quilómetro de asfalto..., pois mire vostede, moitas veces a farola e o quilómetro de asfalto non é algo electoral, é unha necesidade, é unha necesidade. E vostede non quererá recoñecelo e vostede pretende desenvolver a práctica do consenso, pois eu tamén defendo o consenso, pero claro, gobernar é decidir, e é tomar decisións no seu debido momento, e isto estaba no orzamento do ano 2002, aprobouse definitivamente, entrou en vigor o primeiro de xaneiro, e esta corporación ten o máximo empeño en que analizados todos e cada un dos parámetros que son os máis convenientes, a xuízo dos que asumimos a responsabilidade de poñelo encima da mesa, analizados eses parámetros, preséntase a aprobación con estas variables.

Repito, ademais na propia comisión díxenllo, incluso isto, que non é nada complicado, vostedes podían facelo aritmeticamente, pero se non o queren facer aritmeticamente, hai programas econométricos que simulan a función de distribución, e verían vostedes que como o que gañan uns pérdeno outros, pois ó final hai afectados, e eses afectados pois son determinados concellos que se á variable poboación lle pon o 45% en vez do 15%, pois eu dirialle: mire, Narón, Carballo, etc., etc., Culleredo, tódolos que pasan de 10.000 habitantes na provincia, que son aproximadamente nestes momentos 14, pois terían maior peso, a parte proporcional da diferencia que existira entre o que se lle asigna e o que se lle pretendera asignar, é dicir, non unha barbaridade, se agora teñen o 35% e pasáranse ó 50%, pois sería o 15% do que pesa dentro da provincia ese concello coa súa poboación final, que ó final a poboación, dentro do total dos 900.000 habitantes que ten para eses concellos, ¿canto pesa un que ten 20.000?, ¿e canto pesa un que ten 30.000? pois a diferencia porcentual é pouca, a diferencia entre uns e outros, o movelo para arriba e para abaixo pode ser nos maiores de 1.000.000 de pesetas e nos menores de 100.000 pesetas, por falar dalgunha cousa.

Entón, insisto, pódense utilizar outras variables, cremos que estas, e hai suficientes argumentos, e cando vostede me dicía que non sexan argumentos políticos, que sexan argumentos científicos, pero non se me escapan tampouco, cales hai detrás de todo isto e evidentemente, non hai neutralidade, á hora de elixir calquera cousa, non hai neutralidade, e non se pode disfrazar de neutral o que non é neutral, aquí non hai neutralidade, elíxese o 35%, de elixir o 50%, sería un acto discrecional, evidentemente e tería uns resultados. Pero ¿por que razón se elixen catro variables? Pois para que no total non se distorsione de maneira perversa a finalidade que se pretende acadar, e esa finalidade, repítolle, non é outra que, respectando a autonomía municipal, fomentar que as vías locais dispoñan dos recursos prioritariamente que necesitan para que os cidadáns poidan desenvolver as actividades que queiran e asemade fomentar maior renda e maior riqueza.

Eu creo que isto está suficientemente claro, creo que coincidimos nos principios, e eu pediríalles ós deputados que neste caso amosaron esa abstención por non coñecer os resultados, e que eu tamén lles dixen, mire: a base de datos que se utilizaron foron a foto fixa que nos proporcionou a enquisa de infraestructuras ós servicios desta casa, eses datos proporciónanos os concellos e son os que temos. Evidentemente, profundar e traballar en que eses datos sexan os máis actuais e reflicten da mellor maneira a necesidade que cadaquén ten, niso estamos, por iso os de poboación baixámolos de Internet, e utilizamos os que dá o Instituto Nacional de Estatística con data do primeiro de xaneiro de 2001. Eses son os datos oficiais para a poboación por concellos; os demais datos son os da enquisa de infraestructuras, a superficie xa saben vostedes cál é, non andivemos regateando con ningunha superficie, nin cambiando os fitos, nin imos ter ningún preito por iso, e coas demais variables, as parroquias están aí, o Sr. Doval contounos as que había nos primeiros

municipios alfabeticamente, pode seguir ata o final contándoas, que non aumentaron nin diminuíron.

Polo tanto, insisto, creo que está suficientemente claro, creo que é unha necesidade que había que atender, e desde a Presidencia desta deputación estase desenvolvendo un compromiso certo, un compromiso diferente, e un compromiso que os cidadáns van notar, vano notar, porque tamén hai que dicilo, nesta lexislatura, non só nas vías locais, senón tamén nas vías provinciais, hai ese plan que vostedes saben de 4.500 millóns de pesetas. A mobilidade é un factor de competitividade e iso é o que se está intentando incentivar desde esta deputación.

Polo tanto, eu pedirialles que se poden reconsiderar o voto, que o apoien, estaría ben, e se queren con posterioridade máis debate, todo o debate que queiran, e se queren máis datos, tódolos datos que queiran, porque non se secuestrou ningún; son os oficiais.

Moitas gracias.

Sr. presidente

Ben, eu creo, de verdade, creo que as variables, o baremo que se aplica aquí para chegar ó fin que pretendemos, que é que os concellos poidan mellorar esas vías locais, e se é necesario tamén as travesías locais, foi estudiado moi ben, e é o mellor que hai, é o mellor que hai, e non se pode dicir que podiamos meter este diñeiro nun POS, primeiro porque ningunha variable desta se parece en nada ás do POS; polo outro lado, que o POS non é para os concellos de máis de 50.000 habitantes, e para os de menos de 50.000 habitantes, que son os máis necesitados neste caso, pero é que co POS non cumpririamos os fins dos que estamos falando aquí, que é que os concellos poidan mellorar esas vías locais en tódolos sentidos.

Sr. Rodríguez Doval, vostede falou de que se debían potenciar máis os núcleos, eu creo que as parroquias e os núcleos van coordinados, a máis número de parroquias, normalmente -normalmente-, máis núcleos e a máis núcleos, máis quilómetros, posiblemente, de vías locais. Por iso, unha das variables máis importantes é a dos quilómetros de estradas municipais, que se valoran o 35%. Polo tanto creo que estamos na liña de conseguir o fin que pretendemos neste plan.

Este plan non se parece en nada a un POS, simplemente que é para esas vías locais, para esas travesías locais, para subministrar, se é necesario, sinalizacións horizontais ou verticais, ou unha marquesiña, ou o que sexa. Polo tanto, imos votar, que vostede pediu, que quede sobre a mesa, pero de verdade creo que isto non debe demorarse nin un día máis e debe de seguir o seu trámite.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 4 deputados (BNG)
Votan en contra: 16 deputados (PP)
Abstéñense: 11 deputados (PSOE)

A continuación procédese á votación do dictame da comisión:

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1.-Aprobar as bases reguladoras do Plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002 do que o texto figura no anexo que se achega.

2.-Dispor a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, considerándose definitivamente aprobadas no caso de non presentarse ningunha alegación.

**BASES REGULADORAS DO PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002**.

**1.Denominación e aplicación orzamentaria**.

O presente plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002 é un plan anual da Deputación provincial da Coruña para o exercicio 2002, que se financia cunha achega provincial por importe de 1.214.040,00 euros, que figura na aplicación 0501/911B/76299 do orzamento provincial para o ano 2002, e polas achegas municipais voluntarias dos concellos que é posible realizar para completar o financiamento das actuacións que se van incluír.

**2.-Finalidade e obxecto**.

A finalidade deste plan é a de reinvestir, nos respectivos concellos, as baixas de licitación producidas na adxudicación das obras incluídas nos plans que a continuación se indican, sempre que non foran xa reinvestidas neles pola Deputación a través de plans elaborados con anterioridade para este fin, o mediante a realización doutros investimentos: Plan 2000 baixas 1998, Plan 2000 baixas 1999, Plan aforro licitacións 1999 e Plan 2000 de infraestructuras 1998 e 1999.

O obxectivo básico do plan é a realización de actuacións asociadas ás competencias municipais establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e poderá concretarse na execución de obras, xa sexan de investimento ou de conservación, ou na adquisición de subministracións de bens inventariables.

O orzamento mínimo das actuacións que van solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase en 6.000,00 euros, agás que a cantidade asignada ó concello sexa menor, nese caso o seu orzamento poderá axustarse á cantidade asignada.

**3.Destinatarios**.

Os destinatarios deste plan son os concellos da provincia da Coruña con obras incluídas nos plans indicados na base anterior nas cales se houberan producido baixas de licitación de ó menos 600,00 euros que non foran xa reinvestidos pola deputación, os cales poden participar nel presentando a documentación establecida nas bases no prazo establecido.

**4.Financiamento**.

Para o financiamento deste plan anual do exercicio 2002, a Deputación destina unha achega provincial total por importe de 1.214.040,00 euros. A cada concello asígnaselle unha cantidade concreta, que se obterá mediante a suma de baixas de licitación producidas nas obras incluídas nos plans indicados na base 2, minorada na medida en que xa foran reinvestidas neles pola Deputación.

Non obstante, os concellos que así o desexen poderán realizar acheags municipais voluntarias para completar o financiamento das actuacións solicitadas. Neste caso, o concello deberá adoptar o compromiso de incluír no seu orzamento municipal crédito suficiente para o seu financiamento.

**5.Forma e prazo de solicitude**.

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación, ou nas formas establecidas no art. 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata o 27 de marzo de 2002 incluído, a seguinte documentación.

**5.1.-Certificación do acordo plenario municipal**.

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, conforme ó modelo que figura como anexo I, no que se acepten expresamente as bases e se relacionen por orde de prioridade as actuacións que se solicitan, con indicación da súa denominación e orzamento, e no que se presta aprobación, se é o caso, ó proxecto da obra ou prescricións técnicas do equipamento.

Así mesmo, deberá facerse constar neste acordo o plan financeiro tocante a cada unha das actuacións solicitadas, de forma que se detalle o importe que se financia con cargo á achega provincial asignada (ata o límite da cantidade total asignada a cada concello) e, se é o caso, a que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria. No caso de realizarse achegas municipais voluntarias, no mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito suficiente para o seu financiamento.

Igualmente, no dito acordo farase constar expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para executar as obras, e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

**5.2.Documentación descritiva das obras e equipamentos**.

O orzamento mínimo das actuacións que van solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase en 6.000,00 euros, agás que a cantidade asignada ó concello sexa menor, neste caso o seu orzamento poderá axustarse á cantidade asignada.

**5.2.a)Para as obras**.

Proxectos técnicos en exemplar duplicado, co contido establecido no artigo 124 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.

Non obstante, nos orzamentos establecidos no artigo 124.2 do citado Real decreto lexislativo 2/2000, poderanse simplificar, refundir ou mesmo suprimir algúns dos documentos contemplados no art. 124.1, sendo de aplicación o establecido en relación co contido

mínimo dos proxectos, no artigo 126 do Real decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, en virtude da cal, os proxectos a que se refire o artigo 124.2 da lei deberán conter, como requisitos mínimos, un documento que defina con precisión as obras e as súas características técnicas, e un orzamento con expresión dos prezos unitarios e descompostos.

**5.2.b) Para os equipamentos.**

Prego de prescricións técnicas onde se detallen as distintas unidades do seu contido coas súas características técnicas, a súa cuantificación e o seu prezo unitario.

**6.-Aprobación do plan.**

Unha vez rematado o prazo antes indicado para a presentación de solicitudes de participación no plan, comprobarase que se axustan ó establecido nestas bases, especialmente no relativo ó seu obxecto, financiamento e documentación que se ha presentar. No caso de presentar algunha carencia ou deficiencia, concederase ó concello o prazo de 10 días para a súa subsanación establecida no artigo 71 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Pleno da deputación prestará aprobación ó plan, onde se contará a relación das actuacións que se van realizar nos concellos da provincia que nel se inclúan. No mesmo acordo aprobarase que a contratación e execución das actuacións se realice polos respectivos concellos.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que por un prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións que estimen oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos no artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia. Transcorridos os 10 días de exposición pública e desde a solicitude de informe sen que se presentaran alegacións, o plan quedará definitivamente aprobado.

**7.Contratación das obras e dos equipamentos.**

A contratación das obras e dos equipamentos realizarana os respectivos concellos, antes do 1 de outubro de 2002, agás solicitude de prórroga motivada.

A contratación realizarase conforme ós pregos de condicións da deputación, mediante poxa ou concurso con procedemento aberto, ou mediante procedemento negociado, consonte co establecido no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.

Non obstante, poderá facerse uso da posibilidade contemplada no artigo 56 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas, onde se regulan os contratos menores, tocante cos artigos 121 e 176 para as obras e as subministracións respectivamente.

As baixas de licitación que se poidan producir aplicaranse a minorar a achega municipal voluntaria, de habela.

**8.Execución do plan**.

As obras ou equipamentos executaranas os respectivos concellos conforme ó proxecto de obras ou prescricións técnicas da subministración presentadas coa solicitude e aprobados co plan.

As actuacións incluídas no presente plan deberán estar determinadas e xustificadas antes do 30 de novembro de 2003. Non obstante, este prazo poderá ser obxecto de ampliación, por solicitude dos respectivos concellos.

**9.Pagamento da achega provincial**.

A xustificación da execución das obras e equipamento incluídos no plan, efectuarana os respectivos concellos presentando, exemplar por triplicado, certificación da súa execución, ou se é o caso factura á que se lle prestara conformidade polo concello, debendo constar en ambos a aprobación polo concello.

A deputación transferiralle ó concello o importe correspondente á achega provincial das actuacións realizadas, trala verificación da adecuación das certificacións ou facturas á documentación técnica aprobada no plan.

**10.Interpretación**

A interpretación e resolución das dúbidas que se puideran presentar serán resoltas polo presidente da Deputación, tralo informe previo da Secretaría e Intervención.

## ANEXO I
## MODELO DE ACORDO PLENARIO

Don/dona ________________________ secretario/a do Concello de ______________

**CERTIFICA**:

Que o Pleno do Concello en sesión celebrada o ___________ adoptou entre outros o seguinte acordo:

1º.-Participar no Plan XXI de reinvestimento de baixas a obras municipais 2002 da Excma. Deputación Provincial da Coruña do que as bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, nas que se solicita a realización das seguintes actuacións:

| Denominación | Orzamento | Achega provincial | Achega municipal |
|---|---|---|---|
| 1.- | | | |
| 2.- | | | |
| 3.- | | | |
| 4.- | | | |
| 5.- | | | |
| Total | | | |

2º.-Aprobar, se é o caso, os correspondentes proxectos técnicos das obras ou o prego de prescricións técnicas da subministración dos investimentos establecidos no apartado 1.

3º.-Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para executar as obras, e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o Concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

4º.-(Só no suposto de que exista unha achega unha municipal voluntaria).

Para financiar o importe da achega municipal con cargo ós propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente crédito suficiente para o seu financiamento.

5º.-Facultar ó alcalde-presidente para executar todo o relacionado co presente acordo."

E para que así conste, expido a presente certificación por orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, e coa salvidade establecida no artigo 206 do Regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en _______________ o ____ de _________________ de 2002.

Vºe prace

O alcalde"

**5.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002**.

(Sae o Sr. Blanco).

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para concretar que o noso voto vai ser favorable a esta proposta e lembrar que isto solventa un debate que demos no pasado mes de maio, que cada un revise o que dixo, e era evidente que naquel momento se producían unhas anulacións e que agora van volverse a reinvestir, polo tanto parece que algúns non andabamos desencamiñados. En calquera caso, o novo voto vai ser favorable, como non podía ser doutra forma, na medida en que supón abordar, aínda que sexa practicamente con dez meses de retraso, uns compromisos que lle pertencían loxicamente ós concellos que tiñan que utilizar esas baixas. Xa digo, o noso voto vai ser favorable.

**ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar as bases reguladoras do Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2002 co texto que figura no anexo que se achega.

2.-Dispor a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, considerándose definitivamente aprobadas no caso de non presentarse ningunha alegación.

**BASES REGULADORAS DO PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E DE TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2002**.

**1.-Denominación e aplicación orzamentaria**.

O presente Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2002 é un plan anual da Deputación provincial da Coruña para o exercicio de 2002, que se financia cunha achega provincial por importe de 15.025.300,00 euros, que figura na aplicación 0501/511C/76299 do orzamento provincial para o ano 2002, e polas achegas municipais voluntarias dos concellos que é posible realizar para completar o financiamento dos investimentos.

**2.-Finalidade e obxecto.**

A finalidade deste plan é a de cooperar cos concellos da provincia na realización dos investimentos necesarios para a mellora do transporte, entendido este no senso máis amplo, comprendendo actuacións que se poderán desenvolver nas vías de titularidade municipal e no seu contorno máis inmediato. O obxecto básico do plan é a mellora nas condicións de mobilidade e seguridade dos automóbiles e peóns, polo que se poderán incluír todas aquelas actuacións que persigan este obxecto en vías de titularidade municipal.

As actuacións realizaranse sobre vías de titularidade municipal tales como estradas locais, accesos a núcleos, travesías en núcleos, camiños municipais, etc.

As actuacións concretas que se poderán incluír no plan son as seguintes: asfaltado, pavimentación e mellora de firme, acondicionamento de drenaxes e foxos, ensanchamento, sinalización horizontal e vertical, proteccións viais, estacionamentos, beirarrúas, iluminación pública, marquesiñas, e calquera outra actuación directamente relacionada co obxecto e finalidade do plan.

As obras deben ser completas e identificarse cun proxecto técnico que as defina.

Os subministros han de referirse a adquisicións de bens asociados ó obxecto do plan e que se poidan cualificar como gastos de investimento.

O orzamento mínimo dos investimentos a solicitar polos concellos para a súa inclusión no plan fíxase para as obras en 31.000,00 euros, e para os subministros en 13.000,00 euros.

**3.Destinatarios**

Os destinatarios deste plan son os 91 concellos da provincia da Coruña cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, os cales poden participar no mesmo presentando a documentación establecida nas bases no prazo establecido.

**4.Financiamento**

Para o financiamento deste plan anual do exercicio 2002, a Deputación destina unha achega provincial total por importe de 15.025.300,00 euros. A cada concello asígnaselle unha cantidade concreta que será o resultado da aplicación das seguintes variables ponderadas a cada un dos 91 concellos destinatarios do plan:

| | |
|---|---|
| Km. estradas municipais | 35% |
| Superficie | 25% |
| Nº parroquias | 25% |
| Poboación | 15% |
| Total | 100% |

Non obstante, os concellos que así o desexen poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar o financiamento dos investimentos solicitados. Neste caso, o concello deberá adoptar o compromiso de incluír no seu orzamento municipal crédito suficiente para o seu financiamento.

**5.Forma e prazo de solicitude**.

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación, ou nas formas previstas no art. 38 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata o 27 de marzo de 2002 incluído, a seguinte documentación:

**5.1.-Certificación do acordo plenario municipal**

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, conforme ó modelo que figura como anexo I, no que se acepten expresamente as bases e se relacionen por orde de prioridade as obras ou equipamentos que se solicitan, con indicación da súa denominación e orzamento, e no que se preste aprobación ó proxecto da obra ou prescricións técnicas do equipamento.

Así mesmo, deberá facerse constar neste acordo o plan financeiro tocante a cada un dos investimentos solicitados, de forma que se detalle o importe que se financia con cargo á achega provincial asignada (ata o límite da cantidade total asignada a cada concello)e, se é o caso, a que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria. No caso de realizarse achegas municipais voluntarias, no mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito suficiente para o seu financiamento.

Igualmente, no dito acordo farase constar expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para executar as obras, e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

Ademais, no dito acordo aprobaranse as obras ou equipamentos que o concello desexe incluír no Plan complementario con carácter supletorio, para ser financiados con cargo ás

baixas de licitación que se poidan producir nas obras ou equipamentos do respectivo concello, de forma que o seu financiamento quede condicionado a que efectivamente se produzan.

**5.2.Documentación descritiva das obras e equipamentos**.

**5.2.a)Para as obras**.

Proxectos técnicos en exemplar duplicado, co contido establecido no artigo 124 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas.

O orzamento mínimo das obras establécese en 31.000,00 euros.

**5.2.b)Para os equipamentos**.

Prego de prescricións técnicas onde se detallen as distintas unidades do seu contido coas súas características técnicas, a súa cuantificación e o seu prazo unitario.
O orzamento mínimo dos equipamentos establécese en 13.000,00 euros.

**5.3.Memoria xustificativa**

Memoria xustificativa da necesidade do investimento solicitado, poboación afectada e previsións de utilización.

**6.Aprobación do plan**

Unha vez rematado o prazo antes inidicado para a presentación de solicitudes de participación no plan, comprobarase que se axustan ó establecido nestas bases, especialmente no relativo ó seu obxecto, financiamento e documentación a presentar. No caso de presentar algunha carencia ou deficiencia, concederase ó concello o prazo de 10 días para a súa corrección prevista no artigo 71 da lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O pleno da Deputación prestará aprobación ó plan, onde constará a relación das actuacións a realizar nos concellos da provincia que nel se inclúan. No mesmo acordo aprobarase que a contratación e execución dos investimentos se realice polos respectivos concellos.

A aprobación comprenderá tanto as obras principais solicitadas polos concellos que se integrarán no plan base, como as obras supletorias que se integran no plan complementario para financiarse con cargo ás baixas de licitación que se poidan producir nos respectivos

concellos, polo que a aprobación definitiva deste plan complementario queda condicionada a que efectivamente se produzan ditas baixas.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que por un prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións que consideren oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación local, para os efectos establecidos no artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997 de administración local de Galicia. Transcorridos os 10 días de exposición pública e desde a solicitude de informe sen que se teñan presentado alegacións, o plan quedará definitivamente aprobado.

A aprobación definitiva do plan adicional financiado con baixas de licitación que se elabore no marco do plan complementario, realizarase mediante resolución da presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de baixas de licitación e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o plan adicional no que se incluirán as obras previstas no plan complementario dos concellos que tivesen baixas de licitación, podendo o concello correspondente realizar achegas municipais voluntarias coa finalidade de completar o seu financiamento.

**7.Contratación das obras e dos equipamentos**.

A contratación das obras e dos equipamentos realizarase polos respectivos concellos, antes do 1 de outubro de 2002, salvo solicitude de prórroga motivada.

A contratación realizarase segundo pregos de condicións da Deputación, mediante poxa ou concurso con procedemento aberto, ou mediante procedemento negociado, de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

As baixas de licitación que se poidan producir, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega municipal voluntaria, se a houber. No caso de que non exista achega municipal, ou que o seu importe sexa inferior á baixa producida, as baixas que minoren a achega da Deputación poderanse destinar a financiar os investimentos contidos no Plan complementario de cada concello.

**8.Execución do Plan**

As obras ou equipamentos executaranse polos respectivos concellos segundo o proxecto de obras e prescricións técnicas da subministración presentadas coa solicitude e aprobadas co Plan.

Desde a iniciación das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel de acordo co modelo facilitado pola Deputación cos datos da obra.

Os investimentos incluídos no presente plan deberán estar rematados e xustificados antes do 30 de novembro de 2003. Non obstante, este prazo poderá ser obxecto de ampliación, a solicitude dos respectivos concellos.

**9.Pagamento da achega provincial**.

A xustificación da realización dos investimentos efectuarase polos respectivos concellos presentando certificación de execución das obras, ou factura e acta de recepción da subministración, debidamente aprobados polo concello e por exemplar triplicado.

As certificacións de execución da obra presentaranse no modelo oficial da Deputación e o seu importe non poderá ser inferior a 6.000,00 euros, salvo a última certificación. Unha vez rematadas as obras deberase achegar acta de recepción das obras xunto coa última certificación de execución.

A Deputación transferirá ó concello o importe correspondente á achega provincial ós investimentos realizados, previa verificación da adecuación das certificacións ou facturas co proxecto ou prescricións da subministración aprobadas no plan.

**10.Interpretación**

A interpretación e resolución das dúbidas que se puidesen formular serán resoltas polo presidente da Deputación, previo informe da secretaría e intervención.

**ANEXO I**

**Modelo de acordo plenario**

Don/Dna. ____________________ secretario/a do concello de ____________________

**CERTIFICA**:

Que o pleno do concello en sesión celebrada o ___________ adoptou entre outros o seguinte acordo:

| SUBALTERNO | V.8 | 6 | €13.659,50 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| **COLEXIO CALVO SOTELO** | | | | | | | | |
| A.T.S. | II.3 | 1 | €24.576,40 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | A.T.S. | | |
| CONTABLE ADMINISTRATIVO | III.2 | 1 | €18.797,63 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO:1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 | | |
| OFICIAL DE MANTEMENTO | IV.4 | 1 | €16.538,28 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| OFICIAL DE CARPINTERÍA | IV.4 | 1 | €16.538,28 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| COCIÑEIRO/A | IV.5 | 1 | €16.449,06 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO | IV.6 | 3 | €15.145,25 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| OPERARIO/A | V.10 | 4 | €13.110,77 | CONVENIO | CÓDIGO: 1501152. | 5 | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SERVICIOS VARIOS | | | | COLECTIVO | PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | | | |
| SERENO | V.4 | 1 | €14.895,33 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |

| POSTO DE TRABALLO | GRUPO CONVENIO | DOTACIÓN | TOTAL RETRIBUCIÓNS | FP | CONVENIO | TITULACIÓN ESPECÍFICA | FORMACIÓN | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TELEFONISTA | V.5 | 2 | €14.893,45 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| AXUDANTE COCIÑA | V.6 | 2 | €14.839,50 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| ORDENANZA | V.8 | 2 | €13.659,50 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| **CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA** | | | | | | | | |
| PROFESOR MÚSICA-PIANISTA | II.2 | 1 | €23.411,86 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | DIP. MÚSICA OU EQUIV. | | |
| PROFESOR DANZA | II.2 | 3 | €23.411,86 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | DIP. BALLET CLÁSICO | | |
| XASTRE/A | IV.6 | 1 | €15.145,25 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| GAITEIRO | IV.6 | 3 | €15.145,25 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| **ENXEÑERÍA E MANTEMENTO** | | | | | | | | |
| OFICIAL OPERARIO SERVICIOS | IV.3 | 3 | €17.058,87 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |

| POSTO DE TRABALLO | GRUPO CONVENIO | DOTACIÓN | TOTAL RETRIBUCIÓNS | FP | CONVENIO | TITULACIÓN | FORMACIÓN ESPECÍFICA | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TÉCNICO DE SON | IV.3 | 1 | €15.058,87 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| **FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY** | | | | | | | | |
| MOZO/A DE SERVICIO AXUDANTE | V.2 | 1 | €15.206,20 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| CELADOR/A | V.7 | 8 | €14.289,57 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152 PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| **FOGAR INFANTIL FERROL** | | | | | | | | |
| DIRECTOR/A | I.3 | 1 | €25.918,72 | | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 1 | | |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO | IV.6 | 1 | €15.145,25 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| COCIÑEIRO/A | V.1B | 4 | €16.445,71 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS | V.10 | 4 | €13.110,77 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| MOZO/A DE SERVICIO AXUDANTE | V.2 | 1 | €15.206,20 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PESROAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| ENCARGADO/A PORTERÍA | V.3 | 2 | €15.157,28 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| VELADOR/A | V.3 | 1 | €15.157,28 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL | 5 | | EN EXTINCIÓN |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | DEPUTACIÓN DA CORUÑA | | | |
| CELADOR/A | V.7 | 13 | €14.289,57 | | CONVENIO COLECTIVO CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| **FOGAR XUVENIL A MILAGROSA** | | | | | | | | |
| COCIÑEIRO/A | IV.5 | 1 | €16.449,06 | | CONVENIO COLECTIVO CÓDIGO: 1501152 PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| PERRUQUEIRO/A | IV.6 | 1 | €6.130,83 | | CONVENIO COLECTIVO CÓDIGO: 1501152 PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | 15 HORAS | |
| COCIÑEIRO/A | V.1.B | 1 | €16.445,71 | | CONVENIO COLECTIVO CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |

| POSTO DE TRABALLO | GRUPO CONVENIO | DOTACIÓN | TOTAL RETRIBUCIÓNS | FP | CONVENIO | TITULACIÓN | FORMACIÓN ESPECÍFICA | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS | V.10 | 2 | €13.110,77 | | CONVENIO COLECTIVO CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| AXUDANTE COCIÑA | V.6 | 2 | €14.839,50 | | CONVENIO COLECTIVO CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| CELADOR/A | V.7 | 2 | €14.289,57 | | CONVENIO COLECTIVO CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| **FOMENTO E SERVICIOS PROVINCIAIS** | | | | | | | | |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO PROM. ECON. | IV.6 | 1 | €15.145,25 | | CONVENIO COLECGIVO CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| **IMPRENTA PROVINCIAL: BOLETÍN OFICIAL** | | | | | | | | |

| POSTO DE TRABALLO | GRUPO CONVENIO | DOTACIÓN | TOTAL RETRIBUCIÓNS | FP | CONVENIO | TITULACIÓN | FORMACIÓN ESPECÍFICA | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RESPONSABLE FOTOCOMPOSICIÓN | III.1 | 1 | €20.670,65 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 | | |
| RESPONSABLE FOTORREPRODUCCIÓN IMPRESIÓN-MANIPULADO | III.1 | 1 | €20.670,65 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 | | |
| CORRECTOR F.P. II | III.3 | 2 | €18.339,91 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 | | |
| DESEÑADOR GRÁFICO | III.3 | 1 | €18.339,91 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 | | |
| OFICIAL IMPRENTA F.P. II | III.3 | 6 | €18.339,91 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 | | |
| GRAVADOR TEXTO | IV.2 | 3 | €18.313,61 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| IMPRESOR | IV.2 | 1 | €18.313,61 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| OFICIAL INDUSTRIAL | IV.2 | 1 | €18.313,61 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| REPARTIDOR B.O. | V.10 | 1 | €5.316,39 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | 15 HORAS | |
| AUXILIAR TALLER | V.7 | 1 | €14.289,57 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |

**INSTITUTO B. RAFAEL PUGA RAMÓN**

| POSTO DE TRABALLO | GRUPO CONVENIO | DOTACIÓN | TOTAL RETRIBUCIÓNS | FP | CONVENIO | TITULACIÓN | FORMACIÓN ESPECÍFICA | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PROFESOR ENSINO SECUNDARIO | I.2 | 1 | €22.121,52 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | LDO.SUP.ESPEC. | | |
| MOZO/A DE SERVICIO AXUDANTE | V.2 | 1 | €15.206,20 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | |
| **PARQUE MÓBIL** | | | | | | | | |
| CONDUCTOR | IV.1 | 1 | €19.709,57 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | |
| **PAZO DE MARIÑÁN** | | | | | | | | |
| GOBERNANTA | III.1 | 1 | €20.653,55 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 | | RESIDENCIACULTURAL |
| COCIÑEIRO/A | IV.5 | 1 | €16.449,06 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 | | RESIDENCIA CULTURAL |
| OPERARIO AGRÍCOLA ENCARGADO | V.6 | 1 | €14.839,50 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | EXPLOTACIÓN AGRÍCOLA |
| AXUDANTE COCIÑA | V.6 | 1 | €14.839,50 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | RESIDENCIA CULTURAL |
| CAMAREIRO/A | V.6 | 2 | €14.839,50 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 5 | | RESIDENCIA CULTURAL |
| OPERARIO AGRÍCOLA | V.9 | 3 | €13.544,92 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL | 5 | | EXPLOTACIÓN AGRÍCOLA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | DEPUTACIÓN DA CORUÑA | |
| **SERVICIO PROVINCIAL DE RECADACIÓN** | | | | | | |
| RECADADOR | I.1 | 3 | €29.978,37 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 1 |
| OFICIAL MAIOR RECADACIÓN | III.1 | 5 | €20.653,55 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 |
| OFICIAL 1ª RECADACIÓN | III.3 | 10 | €18.322,80 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 |
| ADMINISTRATIVO | III.3 | 2 | €18.322,80 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 |
| OFICIAL 2ª RECADACIÓN | III.4 | 23 | €17.830,35 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 3 |
| **SERVICIOS TÉCNICOS DE VÍAS E OBRAS** | | | | | | |
| AUXILIAR TÉCNICO DE TOPOGRAFÍA | IV.6 | 2 | €15.145,25 | CONVENIO COLECTIVO | CÓDIGO: 1501152. PERSOAL LABORAL DEPUTACIÓN DA CORUÑA | 4 |

TITULACIÓN:
1=LICENCIADO UNIVERSITARIO. 2=DIPLOMADO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE. 3=BACHAREL, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 2º GRAO OU EQUIVALENTE. 4= GRADUADO ESCOLAR, FORMACIÓN PROFESIONAL DE 1º GRAO OU EQUIVALENTE. 5=CERTIFICADO ESCOLARIDADE.

(Sae o Sr. Mosquera Maceiras).

**ACTUACIÓN DE CONTROL**
**MOCIÓNS**

Sr. presidente

En primeiro lugar, hai unha moción do grupo socialista sobre a autovía de Carballo.

(Entra no salón o Sr. Blanco).

Sr. Porto Serantes

Creo recordar que non é a primeira vez que o grupo socialista presenta unha iniciativa neste mesmo senso nesta deputación, creo lembrar que hai algo máis dun ano dous compañeiros avalaban unha moción deste grupo, do grupo socialista, na que solicitan algo similar, no tocante á supresión da peaxe da A-9, e tamén estaba incluída unha solicitude similar con respecto á supresión da peaxe da A-55. Nosoutros, desde o grupo socialista, somos conscentes de que esta deputación non ten competencias neste senso, pero sen embargo nos últimos días sucedéronse unha serie de acontecementos que nos fan presentar nesta deputación esta iniciativa.

Sabemos que hai tempo asinouse un protocolo entre esta deputación e a Consellería de Ordenación do Territorio, entre a Xunta de Galicia e a Deputación provincial, para eximir do pagamento da peaxe da Barcala a cidadáns residentes na provincia da Coruña baixo unha serie de condicións, e ademais que recentemente, tamén, a Deputación Provincial de Pontevedra asinou un convenio tamén coa Xunta de Galicia para suprimir a peaxe, asumindo o custo entre as dúas institucións, da provincia de Pontevedra. Nese senso, nosoutros entendemos que o que está sucedendo é que está producindo unha discriminación cos cidadáns de varias comarcas importantes desta provincia, da comarca de Soneira, da comarca de Fisterra, de Bergantiños, incluída unha parte da comarca da Coruña, co que ter que facer fronte á peaxe da A-55, que practicamente é a única vía de comunicación que temos nestes momentos entre toda a Costa da Morte e a capital da provincia, coa cidade da Coruña. Neste senso, o que formulaba o grupo socialista era instar á Xunta de Galicia para que en primeiro lugar se suprima a peaxe da A-55, e en segundo lugar que vaia máis alá e que se inicien os estudios técnicos, que se inicien os trámites oportunos, co fin de que a Costa da Morte teña unha autovía que se prolongue cara a Fisterra. Esa é a proposta que fai o grupo socialista e que presentamos nesta deputación.

Procédese á votación da urxencia.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)
Votan en contra: 15 deputados (PP)
Abstéñense: ningún deputado

Sr. presidente

Decae a urxencia, e sendo un tema da súa importancia, e que require o seu estudio profundo, pasa á comisión correspondente para estudialo e tomar as decisións oportunas.

A seguinte moción tamén é do grupo socialista, sobre o tema da problemática dos nosos emigrantes en Arxentina.

Sr. Fernández Moreda

O grupo socialista, hai dez días máis ou menos, presentou unha moción no rexistro desta deputación para que hoxe se debatise, que trataría de axudar ós emigrantes galegos en Arxentina, debido á situación dramática, en moitos casos, que están vivindo. Esta moción que nós presentabamos tiña como finalidade que o importe total da partida de promoción de actividades de comunidades galegas se destinase a axudar ós emigrantes galegos na Arxentina, a través dun convenio co centro galego de Bos Aires para axudar a financiar as cotas sanitarias dos alí afiliados, e para paliar nalgunha medida a situación que están vivindo.

Con posterioridade a iso, hoxe, á entrada do pleno, o Sr. presidente presentounos outra moción que se vai debater aquí, que dalgunha forma é similar á que nós presentamos, similar e incluso a completa porque nós, no segundo punto desta moción, diciamos que o presidente desta corporación se dirixa á Consellería de Emigración da Xunta de Galicia e á Consellería laboral da embaixada de España en Arxentina, a fin de elaborar un censo de posibles beneficiarios, e que tamén se pusese en contacto coa Consellería de Emigración da Xunta para canalizar estes recursos. A moción que nos presenta o presidente ó inicio desta reunión destina tamén o importe total, os vintecatro millóns, novecentas e pico mil pesetas, a esta finalidade exclusivamente, para Arxentina, e pretende vehicular isto a través dun convenio de colaboración coa Xunta e coas outras tres deputacións. Como a finalidade é a mesma, e non temos o prurito de que se aprobe A, ou se aprobe B, nós neste momento retiramos a moción e anunciamos o voto favorable á moción presentada polo presidente da deputación, porque dalgunha forma é similar á nosa, persegue o mesmo fin, e os beneficiarios son os mesmos. Nese sentido, non tería lugar, ó noso xuízo, manter un debate, non imos ter os votos suficientes para aprobar a nosa; retiramos a nosa; votamos a do presidente da

deputación, e facémola nosa, no sentido de que retiramos a nosa, facemos nosa tamén a que presenta o presidente da deputación.

Anúnciolle xa o voto favorable á urxencia da súa moción, e o voto favorable ó contido da súa moción, cun rogo: que se estableza unha comisión paritaria entre a Deputación e a Consellería de Emigración para o seguimento deste convenio que se vai asinar, que se manteña informada á oposición desta deputación sobre o desenvolvemento e as incidencias que este convenio poida orixinar na súa aplicación.

Sr. presidente

Moitas gracias, Sr. Fernández Moreda, e gracias por retirar a súa moción, máis ou menos perseguía os mesmos fins que a que presenta esta presidencia, que practicamente xa a defendeu vostede. O motivo de facela é que xa había un diálogo, unhas conversas, coa Xunta de Galicia, concretamente coa Consellería de Emigración, para sumar esforzos e intentar axudar e apoiar ós nosos veciños, ós nosos emigrantes, concretamente no país arxentino, que está pasando momentos difíciles. Polo tanto, a moción que presenta esta presidencia vai nese sentido, como se achega un borrador do convenio, e por suposto que no seu momento teremos informados, á parte que o convenio definitivo terá que aprobarse aquí, e estarán todos os compañeiros desta corporación informados detalladamente, e ademais a Xunta de Galicia xa ten un censo de todos os beneficiarios, coñece mellor todas as necesidades que hai alí, non só no aspecto sanitario, senón no aspecto social, en xeral, e polo tanto eu penso que eles son os que deben levar estas axudas ós nosos veciños, ós galegos que están na diáspora.

Procédese á votación de urxencia, que é aprobada por unanimidade. A continuación, vótase a moción, que tamén é aprobada por unanimidade.

Sr. presidente

Moitas gracias a todos.

## MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ASISTENCIA SOCIAL ÓS EMIGRANTES.

A Deputación Provincial da Coruña, na súa función de apoio ós municipios da provincia, demostra unha sensibilidade especial tocante á situación dos veciños que residen fóra de Galicia, e sobre todo con aqueles que padecen dificultades acusadas en determinados países de Iberoamérica, particularmente en Arxentina.

A Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña pretenden sumar esforzos financeiros e coordinar políticas consonte cos principios de eficacia e eficiencia para rendibilizar mellor os recursos destinados ó apoio social dos emigrantes.

En atención ás consideracións formuladas, e co fin de poñer en marcha os procedementos que permitan acadar os obxectivos sinalados, propónselle ó Pleno corporativo a adopción do seguinte acordo:

Acordar a iniciación dos trámites que permitan a subscrición dun convenio administrativo coa Consellería de Emigración, consonte co borrador que se xunta á presente moción, para articular coa citada consellería unha liña de axudas ás comunidades galegas no exterior.

O convenio que se ha subscibir será sometido a aprobación do Pleno corporativo nunha vindeira sesión.

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ASISTENCIA SOCIAL ÓS EMIGRANTES**

Santiago de Compostela, ________________________________________ de 2002.

**REUNIDOS**

Por unha banda a Xunta de Galicia, actuando no seu nome e representación, o Excmo. Sr. Conselleiro de Emigración e Cooperación Exterior, D. AURELIO MIRAS PORTUGAL, nomeado polo Decreto 308/2001, do 15 de decembro, e ó abeiro das facultades que para vincularse neste acto ten conferidas na Lei 1/1983, da Xunta de Galicia e do seu presidente, no artigo 2º da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Pola outra, a Deputación Provincial da Coruña, actuando no seu nome e representación D. JOSÉ LUIS TORRES COLOMER, Presidente da institución, ó abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das Bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril, e na Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

**EXPONEN**

Primeiro.-Que a Consellería de Emigración e Cooperación Exterior ten como finalidade esencial da súa actividade a atención social dos emigrantes galegos.

Segundo.-Que a Deputación Provincial da Coruña, na súa función de apoio ós municipios da provincia amosa unha especial sensibilidade en relación á situación dos veciños que residen fóra de Galcia, e en especial daqueles que sofren dificultades acusadas en determinados países de Iberoamércia, particularmente de Arxentina.

Terceiro.-A Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña pretenden sumar esforzos financeiros e coordinar políticas segundo os principios de eficacia e eficiencia dos recursos destinados ó apoio social dos emigrantes.

Para tal fin as partes asinan o presente convenio de cooperación segundo as seguintes

**CLÁUSULAS**:

Primeira.-O obxecto do presente convenio é regula-las bases de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior, e a Excma. Deputación Provincial da Coruña para cofinancia-los programas de atención social ós emigrantes galegos e ás entidades nas que se integran, que se desenvolven por parte da citada consellería.

Segunda.-A Deputación Provincial da Coruña comprométese a transferir, con carácter de en firme, ó Tesouro da Xunta de Galicia a cantidade de CENTO CINCUENTA MIL (150.000) EUROS, con cargo a partida _______________ dos seus presupostos.

Terceira.-A Consellería de Emigración e Cooperación Exterior xerará crédito na aplicación presupostaria 17.01.213.A480.0 (en presuposto prorrogado), polo citado importe, consonte ó artigo 69 do decreto lexislativo 1/99, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Cuarta.-Esta partida deberá financia-los programas 1.-AXUDAS ASISTENCIAIS INDIVIDUAIS, e Programa 2.-AXUDAS ASISTENCIAIS A ENTIDADES GALEGAS que anualmente pon en marcha á Xunta de Galicia, a prol da poboación emigrada na Arxentina.

Quinta.-O orzamento do obxecto do convenio ascende a CATROCENTOS CINCUENTA MIL (450.000) EUROS. Este orzamento será cofinanciado pola Consellería de Emigración e Cooperación Exterior na cantidade de TRESCENTOS MIL (300.000) EUROS, con cargo á partida 17.01.213A480.0 (en presuposto prorrogado), e a cantidade restante de CENTO CINCUENTA MIL (150.000) EUROS, con cargo ós orzamentos da Deputación Provincial da Coruña. A transferencia e a correlativa xeración de crédito deberán formalizarse antes do próximo día 15 de abril do presente ano.

Sexta.-A vixencia do presente convenio será desde o día seguinte ó da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2002.

Sétima.-Co fin de velar pola adecuada execución por parte da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior dos fondos transferidos, e con carácter xeral para asegura-lo cumprimento do presente convenio, créase una comisión paritaria integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Emigración, da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior, e dous representantes da Deputación Provincial da Coruña. Esta Comisión será presidida por un dos representantes da Dirección Xeral de Emigración e resolverá as dúbidas que xurdan sobre o cumprimento do convenio. Os acordos adoptados neste senso serán inmediatamente executivos. No caso de discrepancias serán resoltas polo conselleiro de Emigración e Cooperación Exterior, que porá fin á vía administrativa.

Oitava.-O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

Novena.-O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Décima.-Como garantía do seu cumprimento por parte da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior o secretario xeral desta emitirá certificación de que os fondos achegados pola Excma. Deputación Provincial da Coruña foron destinados ós fins establecidos neste convenio, na que se relacionarán os beneficiarios e os importes das axudas concedidas a cada un.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ó seu cumprimento, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas claúsulas.

Extzéndese en exemplar duplicado no lugar e data arriba indicados.

| | |
|---|---|
| O CONSELLEIRO DE EMIGRACIÓN E COOPERACIÓN EXTERIOR, | O PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA |

Asdo. Aurelio Miras Portugal                                        Asdo. José Luis Torres Colomer

Sr. presidente

Hai tamén dúas mocións máis da presidencia, a primeira é relacionada cun convenio xa aprobado aquí no seu momento, que sofre uns cambios, e tamén aprobadas as partidas presupostarias para axudas a unhas melloras no polígono industrial do Tambre en Santiago de Compostela na que participa a Xunta de Galicia, o concello de Santiago, a Consellería de Industria e esta deputación. Nesa moción hai unhas pequenas variables dese convenio, que se pretende asinar mañá, no sentido de que aquelas cantidades fixas que había por ano, eran 40 millóns por ano, en catro anos 160 en total, a posibilidade de que poidan variar, en vez dun ano ser 40, pois poidan ser 20 e para o próximo ano 60. En ningún caso vai aumentar a contía global, e tamén facultar ó presidente para o mellor desenvolvemento deste convenio.

É aprobada a urxencia da moción por unanimidade.

Sra. Candocia Pita

Aínda que poderiamos estar de acordo cos cambios non hai nada que cambie o espírito da proposta anterior, e nese sentido mantemos a abstención.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

É aprobada a seguinte moción:

**MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE INFORME DO CONVENIO URBANIZACIÓN DO POLÍGONO DE TAMBRE.**

Mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia foi aprobado o texto do convenio administrativo de urbanización do polígono de Tambre, que se ha subscribir entre a Consellería de Industria e Comercio, o Instituto Galego da Vivenda e Solo. Xestión Urbanística da Coruña, S.A., a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela.

O texto aprobado polo Consello contén tres diferencias respecto do aprobado pola Excma. Deputación Provincial, na sesión plenaria do 30.11.2001. As tres diferencias son as seguintes:

1.-Inclusión, na estipulación segunda do seguinte apartado:

"Na comisión técnica que formule a proposta de adxudicación participará un representante de cada unha das Administracións asinantes".

2.-Inclusión na estipulación sétima do texto subraiado:

"De producirse causa xustificada, e sen que para iso sexa precisa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, e dos Plenos do Concello de Santiago de Compostela e da Deputación da Coruña, o réxime de anualidades establecido poderá ser obxecto de reaxuste en anualidades posteriores, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, e sempre que isto non implique rebordar o período de vixencia establecido.

3.-Inclusión na estipulación oitava do seguinte aportado ó final dela:

"Cando estas impliquen modificación do orzamento as Administracións asinantes non asumirán compromisos económicos que impliquen incrementar a contía das anualidades establecidas na cláusula terceira."

Analizadas as modificacións proponse ó Pleno corporativo a través desta moción, a adopción do seguinte acordo:

"Analizadas as diferencias existentes entre o texto do convenio administrativo de urbanización do polígono do Tambre, aprobado polo Pleno da deputación do 03.11.01, e o texto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia:

1.-Aprobar a redacción literal do convenio aprobada polo Consello da Xunta.

As tres diferencias son as seguintes:

A.-Inclusión, na estipulación segunda do seguinte apartado:

"Na comisión técnica que formula a proposta de adxudicación participará un representante de cada unha das Administracións asinantes."

B.-Inclusión na estipulación sétima do texto sublíñado:

“De producirse causa xustificada, e sen que para iso sexa precisa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, e dos Plenos do Concello de Santiago de Compostela e da Deputación da Coruña, o réxime de anualidades establecido poderá ser obxecto de reaxuste en anualidades posteriores, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, e sempre que isto non implique rebordar o período de vixencia establecido.

C.-Inclusión na estipulación oitava do seguinte apartado ó final dela:

“Cando estas impliquen modificación do orzamento as Administracións asinantes non asumiran compromisos económicos que impliquen incrementar a contía das anualidades establecidos na cláusula terceira.”

2.-Facultar á Presidencia para a sinatura do convenio e tódalas xestións conducentes á súa correcta xestión.

Sr. presidente

Hai unha última moción desta presidencia tamén, para a disolución dun padroado que foi creado xa en 1958, e por suxestión da subdelegación do goberno e da propia Xunta de Galicia acordan que, esgotados xa os fins deste padroado, e non sendo necesario xa para o que foi creado, pois que a súa disolución vaia adiante, e tamén nomear ó vicepresidente terceiro como representante na comisión que acordará a disolución deste padroado.

É aprobada por unanimidade a urxencia, e tamén por unanimidade a seguinte moción:

**MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE DISOLUCIÓN “PATRONATO FRANCISCO FRANCO”**

1.-Con data do 8 de xullo de 1958, constituise un Padroado Benéfico de Construcción denominado “Francisco Franco”.

2.-O Padroado constituise conforme ó disposto no apartado i) do artigo 5º da Lei do 15 de xullo de 1954, e artigos 17 e 18 do seu regulamento aprobado polo decreto do 24 de xuño de 1995, protocolizándose o 11.09.58, perante o notario D. Eduardo Menéndez Valdés Golpe, co número 1637 do seu protocolo.

3.-Consonte co artigo 3º dos seus estatutos, o Padroado ten por obxecto a execución dos acordos que en orde á construcción e melloras de vivendas, adopte o seu consello, e entre outras:

a)A construcción de vivendas de renda limitada, como entidade benéfica constructora, conforme ó disposto na lexislación vixente.

b)A urbanización dos terreos onde vaian realizarse estas construccións.

c)A adquisición de terreos edificables que sexan necesarios para o cumprimento do seu obxecto social.

d)A cesión de vivendas ós beneficiarios nas condicións que acorde a Xunta do Padroado.

e)A cesión de terreos e a concesión e obtención de créditos para a construcción.

4.-O artigo 8 dos seus estatutos dispoñía: o goberno e administración do padroado correspóndelle a un Consello de Padroado, do que formaba parte como vocal, entre outros, o presidente da Deputación da Coruña (art. 9).

5.A Subdelegación do Goberno na Coruña pon en coñecemento desta Deputación que pasados máis de corenta anos desde a súa creación, a finalidade del -construcción de vivendas de renda limitada- quedou desvirtuada polo que se propón a súa disolución.

6.-Tendo en conta os antecedentes indicados proponse ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo:

"Prestar conformidade á proposta de disolución do Padroado Benéfico da Construcción denominado "Francisco Franco", así como a tódolos actos e acordos encamiñados para este fin, e en especial ós asuntos que figuran na orde do día do padroado convocado para o día 4 de febreiro de 2002, facultando ó vicepresidente 3º don Juan Blanco Rouco para representar á deputación na reunión do padroado anteriormente indicada.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. presidente

Hai unha pregunta da Sra. Candocia, é por escrito, téñoo preparado, asínoo agora mesmo e xa llo dei por escrito, porque pide a contestación por escrito.

Hai outra pregunta da Sra. Margarida Vázquez Veras sobre as actuacións previstas levar a cabo na Deputación da Coruña na estrada 0106 no tramo entre San Vicente de Vigo e Mabegondo ó enlace da Autovía A6 con Carral. Consténstolle eu ou pódelle contestar o Sr. deputado responsable deste tema.

Sr. Pose Miñones

Referente a esa estrada, o servicio de concentración parcelaria está rematando, o que son a posta a disposición de terreos para poder darlle un novo trazado a unha rasante mellor, evitando precisamente unhas curvas e unhas pendentes que ten moi difíciles. Houbo unha reunión a semana pasada, en canto iso estea rematado incluirémolo no plan de vías.

Sra. Vázquez Veras

¿En que prazo de tempo?

Sr. Pose Miñones

Están neste momento precisamente coa redacción do proxecto, e despois ten que haber, como é lóxico, a correspondente dotación presupostaria, e a continuación a contratación, ou sexa que hai que contar que ata tres ou catro meses non imos ter iso, entre outras cousas porque necesitamos ter aprobada esa dotación presupostaria no mes de abril, ou por aí.

Sra. Vázquez Veras

Unha pregunta e un rogo referidos ás Torres do Allo, que é un monumento que é propiedade da deputación e que practicamente se está rematando a súa rehabilitación, a pregunta, -que en todo caso se se me puidese contestar neste pleno, ben, e se non, rogaría que se fixese por escrito antes da próxima sesión-, sería se se ten previsto algún uso para as Torres do Allo, se se ten previsto un convenio co concello de Zas para ese uso, e que tipo de xestión se vai facer das Torres. Esta sería a pregunta.

Sr. presidente

As Torres do Allo eu considero que foi recuperación excelente por parte desta deputación, e ten unha situación estratéxica na Costa da Morte. Estamos en contacto con todos os organismos que, dalgunha forma, poden dinamizar e potenciar esa zona. Estamos en contacto, como é lóxico, co concello de Zas, onde está situado este pazo, estamos en contacto coa Asociación Neria, e tamén estamos en contacto co plan de comarcalización de

Galicia. O que queremos é buscar un consenso entre todas as partes para buscarlle a mellor utilización primeiro, por suposto, co concello de Zas, onde está situada a Asociación Neria, que está facendo un labor importante na zona, e o plan de comarcalización de Galicia, que tamén está actuando alí. Polo tanto, eu penso que vai ter unha utilidade máxima, e penso que lle imos sacar o máximo froito posible a esas estupendas instalacións, ademais, como dicía antes, pola súa situación estratéxica.

Sra. Vázquez Veras

Entón pódese concluír que das negociacións aínda non hai nada...

Sr. presidente

Non está cerrado, pero hai contactos cos seguintes organismos, neste caso, co concello de Zas, coa Asociación Neria, e co xerente do plan de comarcalización de Galicia. O que si lle podo anticipar é que nos reuniremos con todas as partes para buscar a mellor fórmula, que haxa unanimidade na repartición de espacios e actuacións para que iso funcione o mellor posible. Haberá unha coordinación entre todas as partes que coidamos que poden usar ese pazo e que lle poidan sacar o máximo froito posible, como dicía antes.

Sra. Vázquez Veras

É tamén respecto das Torres do Allo, comenteille antes que era unha pregunta e un rogo, porque neste momento estanse facendo as obras de dotación, en concreto neste momento estase coa instalación eléctrica. As Torres do Allo, eu entendo, que está situado nun lugar singular, e o que é singular tamén é o acceso desde a estrada da Coruña e Fisterra, que é unha zona onde as beirarrúas están poboadas con árbores centenarios. Ben, a nosa sorpresa é que a instalación eléctrica estase facendo con tendido aéreo, co cal hai un impacto na paisaxe importante. Nós o que rogariamos sería que se mirase a maneira de facer este tendido eléctrico soterrado, no tramo que vai aéreo, porque na parte máis próxima á torre estase facendo soterrado. Entón, iso é cuestión de negociación coa empresa subministradora para facer o tendido de maneira que non teña un impacto negativo no que é todo o contorno das Torres do Allo.

Sr. presidente

Onte concretamente saía un artigo nun xornal sobre ese tema, estudiarémolo co cariño que precisa.

Sr. Mirás Franqueira

É para formularlle un rogo, que expoño. No plan de obras e servicios do ano 2000 foi aprobado o proxecto denominado “cemiterios 3ª-fase” e adxudicados polo concello de Toques por importe de 9.355.000 pesetas, que comprende as obras en distintos cemiterios, entre os que se encontra un cemiterio de San Martiño de Oleiros, do que o orzamento ascende á cantidade de 4.012.842 pesetas, e contempla a excavación da explanada, terraplenado, muro de cachotería, portalón de fundición, cuberta de tella, etc. Da documentación examinada nas oficinas do concello, aparece certificada a totalidade do proxecto por un importe de 9.355.000 pesetas, segundo certificación expedida polo enxeñeiro de camiños D. Julio Rojo Martínez, con data do 21 de novembro de 2001, e aprobado por resolución da alcaldía con data do 26 do citado mes de novembro. Visitadas as obras descritas por concelleiras do concello de Toques, Nuria Pombo Villamor e Cruz Bande Buján, acompañadas de notario, compróbase que na leira que se indica como lugar de situación do novo cemiterio, só existe unha explanada na que se atopan depositadas unhas pedras de gran tamaño, sen muro de cerramento algún e sen cruceiro.

Ante o exposto, rógolle, Sr. presidente, primeiro: que por parte desta deputación se abra unha investigación sobre as distintas irregularidades cometidas nesta obra do cemiterio de San Martiño de Oleiros do concello de Toques; segundo: que se tomen as medidas xurídico-administrativas que procedan; e terceiro: se as irregularidades se demostran, que se depuren as responsabilidades. Gracias, Sr. presidente.

Sr. presidente

Descoñezo todo o que me acaba de dicir vostede, pero por suposto investigaremos o tema.

Sra. Santiago López

Simplemente para rogarlle toda esa documentación que se pediu en plenos anteriores, estoume refirindo, por exemplo, a ese informe que está realizado sobre o fogar infantil de Ferrol, ou á información que vostede prometeu facilitarme sobre unha estrada de Barallobre que preguntei varias veces por ela, e se sería posible recibila antes do próximo pleno. Moitísimas gracias.

Sr. presidente

Así é, Sra. deputada, teño algunhas contestacións aquí para asinalas e remitirllas a vostede inmediatamente.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.